

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006675	CPR San José	Pontevedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Comunicación e representación da realidade	6º Inf.	10	350

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	19

1. Introducción

A Educación Infantil ten como finalidade básica contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo, social, e intelectual dos nenos e nenas. Para desenvolver un bo proceso de ensinanza e de aprendizaxe e conseguir no/a neno/a un desenvolvemento e unha evolución óptima é necesario ter en conta unha multitude de aspectos, tanto as súas características persoais como as do entorno. Facilitando deste xeito a súa integración na sociedade na que vive e se desenvolve.

A programación, supón a organización e planificación das aprendizaxes, e convértese no punto de partida para preparar o día a día co alumnado e axúdanos a definir aqueles aspectos que debemos ter en conta antes de comezar cada proceso de ensino-aprendizaxe. Representa o conxunto de decisións didácticas que adopta o mestre ou mestra como folla de ruta a seguir durante o seu labor docente. Nela, aproveitaremos para contextualizar e adaptar as aprendizaxes partindo das necesidades específicas do grupo de alumnos e alumnas e os seus ritmos de aprendizaxe, facilitando desta maneira o bo desenvolvemento das nosas propostas na aula.

Cando organizamos as nosas decisións didácticas, estamos a ordenar as ideas esenciais para construír verdadeiras situacións de aprendizaxe e brindarlles a mellor educación posible aos alumnos e alumnas. A programación permítenos crear un deseño pedagóxico único e persoal que dea resposta ás necesidades educativas de todos os nenos e nenas.

A avaliación completará o proceso de ensino-aprendizaxe. Analizaremos en cada momento os aspectos que inflúen neste e poremos en valor as aprendizaxes. Permitiranos saber se estamos a cumprir os obxectivos propostos e, en caso contrario, realizar unha revisión da nosa práctica e detectar novas necesidades, carencias e/ou cambios necesarios que demanden a nosa aula e os nosos alumnos.

Para dar resposta á necesidade de programar e avaliar, presentamos o seguinte material coa intención de compilar a información básica que axude a ordenar as aprendizaxes, permitindo unha xestión eficaz da aula cunha visión global do proceso educativo previsto durante o curso escolar.

Seguindo a Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria correspóndelle ó profesorado a programación de actividades e tarefas ,programación de aula, partindo do Proxecto curricular do centro e a súa concreción na programación de ciclo.

Para o desenvolvemento desta programación teremos en conta a lexislación vixente pola que se desenvolve o Currículo de ED. Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, Decreto 150/2022, do 8 de setembro de 2022. Non obstante cabe sinalar que esta Programación será o suficientemente flexible e adaptarase á ORDE pola que se aproba o calendario escolar para cada curso nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia e maila Resolución da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se establece a incorporación gradual do alumnado.

Durante o transcurso das primeiras semanas do curso realizaremos as pertinentes valoracións iniciais para detectar calquera tipo de dificultade que nos poida suscitar.

A lingua ca que imos a traballar na aula será o castelán, que é a lingua maioritaria dos nenos/as, e ademais é a nosa obriga facer que os rapaces/as coñezan a lingua da súa comunidade, o galego.

Somos un colexio concertado con Educación Infantil e Educación Primaria que consta dun curso por nivel.

A maioría das familias son castelán falantes. A comunicación cos fillos é en castelán, reducíndose a comunicación en galego a menos dun sete por cento, polo xeral, do noso alumnado. Obsérvase unha redución desta porcentaxe cando a comunicación é fora da familia.

Cara a achegarse a unha normalización da lingua galega, o colexio ten un papel importante de desenvolver, sempre dende o punto de vista de que debe ser un axente compensador de desigualdades para que os nosos alumnos/as podan familiarizarse co galego para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, facendo en todo caso, que as dúas lingua oficiais sexan tidas en conta.

Responden maioritariamente ao modelo tradicional de familia, aínda que cada vez máis obsérvase unha tendencia á ruptura da estrutura familiar e na case totalidade dos casos a patria potestade pasa a ser exclusividade da nai. . Cabería ter en conta a situación desta minoría xa importante que adoitan necesitar actuacións específicas que se derivan da ruptura dese modelo social.

O nivel académico das familias é medio-alto , con estudos primarios e estudos de F.P. e B.U.P., e universitarios. Aínda que nalgúns casos teñen a formación básica.

A situación laboral das familias e maioritariamente activa, e predomina o tipo de familia na que os ambos proxenitores traballan, aínda que nestes tempos de pandemia moitos tiveron problemas neste ámbito.

As familias participan na dinámica do centro, prestan a súa colaboración sempre que sexa necesaria para actividades complementarias e extraescolares, asisten as reunións e ofrecen suxestións.

As normas de funcionamento, organización e puntualidade son aceptadas e cumpridas con rigorosidade e regularidade.

Trátase de favorecer a comunicación coas familias para lles facer participes e responsables da educación conxunta dos seus fillos/as e sensibilizalos da importancia educativa da etapa que se atopan os seus nenos e nenas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Manifestar interese por interactuar en situacións cotiás a través da exploración e do uso do seu repertorio comunicativo para expresar as súas necesidades e intencións e para responder ás esixencias da contorna.	1	1	1	1	1	1	1	1
OBX2 - Interpretar e comprender mensaxes e representacións apoiándose en coñecementos e recursos da súa propia experiencia para responder ás demandas da contorna e construír novas aprendizaxes.	1	1		1	1	1		1
OBX3 - Producir mensaxes de maneira eficaz, persoal e creativa utilizando diferentes linguaxes, descubriendo os códigos de cada unha delas e explorando as súas posibilidades expresivas para responder a diferentes necesidades comunicativas.	1	1		1	1			1
OBX4 - Participar por iniciativa propia en actividades relacionadas con textos escritos, mostrando interese e curiosidade por comprender a súa funcionalidade e algunhas das súas características.	1	1		1	1	1		1
OBX5 - Valorar a diversidade lingüística e dialectal presente na súa contorna, así como outras manifestacións culturais, para enriquecer as súas estratexias comunicativas e a súa bagaxe cultural.	1	1		1	1			1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	FALAMOS	Enriquecemento da expresión oral para progresar na adquisición de vocabulario e na forma correcta de expresarse. Traballar na conciencia fonolóxica. Utilización dos dous idiomas cooficiais para	125	X	X	X

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	FALAMOS	comunicarse.	125	X	X	X
2	CONTANDO CONTOS	Fomentar o interese polos diferentes códigos escritos e a creación propia. Iniciación na lectura. Achegamento	125	X	X	X
3	ARTES	Achegamento a expresións artísticas a través da música, a plástica, a dramatización e ferramentas dixitais.	100	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	FALAMOS	125

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Participar de maneira activa na maioría das actividades propostas.	TI
CA1.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Ser quen de entender as mensaxes presentadas na maioría dos elementos presentados.	
CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes.	Ser que de contestar de maneira correcta nas actividades propostas.	
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Ter respecto e interese polo castelán, galego e inglés.	
CA2.2 - Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.	Ser quen de entender o por que da utilización de ambas linguas dentro da clase.	
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Usar de maneira correcta o castelán e entender o galego así como avanzar na adquisición de vocabulario en ambas linguas.	
CA2.4 - Valorar positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima.	Entender e valorar as expresións do seu arredor	
CA2.5 - Relacionarse coas demais persoas a través da fala empregando as expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais.	Ser quen de relacionarse de maneira habitual entre iguais e coas persoas que lle arrodean.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	Relacionarse nas tres linguas utilizadas no aula, sendo mais precisos na lingua castelá.	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Ser quen de expresar algunha das rutinas ou situacións presentadas na lingua inglesa.	
CA3.1 - Percibir, identificar e discriminar sons da lingua aumentando o seu repertorio comunicativo e adquirindo progresivamente unha maior precisión.	Avanzar na consecución dunha conciencia fonolóxica.	
CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.	Ser capaz de entender as mensaxes dos demais.	
CA3.3 - Facer un uso funcional da linguaxe oral aumentando o seu repertorio lingüístico e construindo progresivamente un discurso máis eficaz, organizado e coherente en contextos formais e informais.	Utilizar de xeito adecuado algúns dos vocablos aprendidos aplicandoos nalgún contexto de diálogo.	
CA3.4 - Utilizar a linguaxe oral como instrumento regulador da acción nas interaccións cos demais con seguridade e confianza.	Ser quen de presentar algunha acción a realizar na clase.	
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	Expresar de maneira correcta e de forma habitual ideas propias.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - Achegamento á realidade lingüística da contorna. Fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma. - Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais. - Recoñecemento das particularidades lingüísticas da contorna máis próxima. - Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica. - Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais. - Utilización da linguaxe oral en situacións cotiás e as súas funcións: conversacións, xogos de interacción social e expresión de vivencias. - Creación de textos ou enunciados orais formais e informais. - Interpretación da intención comunicativa das mensaxes. - Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada.

Contidos

- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.
- Uso progresivo de léxico variado, aumentando a precisión na procura dunha maior estruturación das súas frases.

UD	Título da UD	Duración
2	CONTANDO CONTOS	125

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Ser quen de respectar e expresar as súas ideas e as dos demais	TI
CA1.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Ser quen de entender as mensaxes presentadas na maioría dos elementos presentados.	
CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes.	Ser quen de constestar de maneira correcta na maioría das actividades propostas.	
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Ter respecto e interese por o castelán, o galego e o inglés.	
CA2.2 - Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.	Ser quen de entender o por que da utilización de ambas linguas dentro da clase.	
CA2.3 - Descubrir e utilizar o vocabulario propio das linguas cooficiais mostrando interese polo seu uso.	Usar de maneira correcta o castelán e entender o galego así como avanzar na adquisición de vocabulario en ambas linguas.	
CA2.4 - Valorar positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima.	Entender e valorar as expresión do seu arredor	
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	Relacionarse nas tres linguas utilizadas no aula, sendo mais precisos na lingua castelá.	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Ser quen de expresar algunha das rutinas ou situacións presentadas na lingua inglesa.	
CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.	Ser capaz de entender as mensaxes dos demais.	
CA4.1 - Mostrar interese por comunicarse a través de códigos escritos, convencionais ou non, valorando a súa función comunicativa.	Mostrar interese por la comunicación escrita e ser capaz de escribir algunha palabra.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.2 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	Cumprir o criterio de avaliación de maneira habitual.	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	Ser capaz de escribir palabras en letras maiúsculas e minúsculas.	
CA4.4 - Producir diferentes textos individualmente ou en grupo, con escritura convencional ou non, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo.	Ser quen de facer de maneira colaborativa un traballo textual.	
CA5.1 - Identificar algunha das características textuais e paratextuais mediante a indagación acompañada en textos de uso social libres de todo tipo de prexuízos e estereotipos.	Traballar cos libros presentes na biblioteca da aula.	
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Ser quen de buscar un libro relacionado coa actividade plantexada.	
CA5.3 - Gozar compartindo a escoita e a lectura de textos literarios.	Estar atento e gozar da hora de lectura semanal.	
CA5.4 - Participar en actividades de aproximación á literatura infantil, tanto de carácter individual coma en contextos dialóxicos e participativos, descubrindo, explorando e apreciando a beleza da linguaxe literaria.	Cumprir o criterio de avaliación na súa totalidade.	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Facer de maneira correcta tres expresións artísticas diferentes	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. - Comunicación interpersonal: empatía e asertividade. - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma. - Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais. - Recoñecemento das particularidades lingüísticas da contorna máis próxima. - Aproximación á lingua estranxeira. Elementos para unha comunicación funcional básica. - Fórmulas e expresións de convencións sociais básicas que regulan as relacións interpersoais. - Creación de textos ou enunciados orais formais e informais.

Contidos

- escoita e comprensión de lecturas en voz alta nas dúas linguas cooficiais, como fonte de pracer e aprendizaxe compartida.
- Interpretación da intención comunicativa das mensaxes.
- Discriminación auditiva e conciencia fonolóxica.
- Intención comunicativa e achegamento ás principais características textuais e paratextuais. Primeiras hipóteses para a interpretación e a comprensión.
- Identificación dos usos sociais e das funcións da lectura e da escritura: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica.
- Exploración das propiedades do sistema de escritura: hipóteses cuantitativas e cualitativas. Aproximación ao código escrito desde as escrituras indeterminadas.
- Creación de textos escritos en diferentes soportes. Outros códigos de representación gráfica: imaxes, símbolos, números.
- Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación.
- Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais.
- Interese pola produción de mensaxes empregando a lingua escrita en situacións contextualizadas.
- Iniciación a estratexias de procura de información, reelaboración e comunicación.
- Situacións de lectura individual ou a través de modelos lectores de referencia.
- Achegamento a textos literarios orais e escritos con contido libre de prexuízos, co fin de contribuír a desenvolver valores sobre cultura de paz, dereitos da nena e do neno, igualdade de xénero e diversidade funcional étnico-cultural.
- Os contos tradicionais como elemento transmisor de cultura e xerador de debates con relación a estereotipos de xénero.
- Memorización e recitado de textos literarios.
- Establecemento de vínculos afectivos e lúdicos cos textos literarios.
- Conversacións e diálogos ao redor de textos literarios libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura.
- escoita atenta de narracións e instrucións lidas por outras persoas.

UD	Título da UD	Duración
3	ARTES	100

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
-------------------------	------------------------	----

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Participar de maneira activa e axustada, espontánea e respectuosa coas diferenzas individuais en situacións comunicativas de diverso tipo.	Participar de maneira activa na maioría das actividades propostas.	TI
CA1.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Ser quen de entender as mensaxes presentadas na maioría dos elementos presentados.	
CA1.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Cumplir o criterio de avaliación na súa totalidade	
CA1.4 - Axustar o seu repertorio comunicativo ás propostas, aos interlocutores e ao contexto, indagando nas posibilidades expresivas das diferentes linguaxes.	Ser quen de constestar de maneira correcta na maioría das actividades propostas.	
CA2.1 - Participar en situacións de uso de diferentes linguas mostrando interese, curiosidade e respecto pola diversidade de perfís lingüísticos.	Ter respecto e interese por o castelán, o galego e o inglés.	
CA2.2 - Participar en diferentes situacións de uso das dúas linguas cooficiais recoñecendo a importancia de ambas as dúas para fomentar a riqueza cultural da nosa comunidade.	Ser quen de entender o por que da utilización de ambas linguas dentro da clase.	
CA2.4 - Valorar positivamente as particularidades lingüísticas da contorna próxima.	Entender e valorar as expresións do seu arredor	
CA2.6 - Relacionarse con normalidade a través da fala na pluralidade lingüística e cultural da súa contorna, manifestando interese por outras linguas, etnias e culturas.	Relacionarse nas tres linguas utilizadas no aula, sendo mais precisos na lingua castelá.	
CA2.7 - Participar en interaccións comunicativas en lingua estranxeira relacionadas con rutinas e situacións cotiás.	Ser quen de expresar algunha das rutinas ou situacións presentadas na lingua inglesa	
CA3.2 - Interpretar de forma eficaz as mensaxes e as intencións comunicativas dos demais.	Ser capaz de entender as mensaxes dos demais.	
CA3.5 - Evocar e expresar espontaneamente ideas a través do relato oral.	Expresar de maneira correcta e de forma habitual ideas propias.	
CA3.6 - Expresar oralmente mensaxes facendo transferencias doutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e corporal) e indagando nas posibilidades comunicativas que ofrece a combinación delas.	Ser quen de expresar de maneira correcta e con certa precisión un pequeno relato utilizando algunha das linguaxes propostas.	
CA4.3 - Desenvolver as habilidades grafomotrices do alumnado progresando no control e precisión.	Ser capaz de escribir palabras en letras maiúsculas e minúsculas.	
CA4.5 - Elaborar de forma escrita mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, corporal e oral), indagando nas posibilidades comunicativas que ofrecen as transferencias entre elas.	Ser quen de expresar de maneira correcta e con precisión tres mensaxes utilizando algunha das linguaxes propostas.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA5.2 - Recorrer á biblioteca como fonte de información e gozo e banco de recursos, respectando as súas normas de uso.	Ser quen de buscar un libro relacionado coa actividade plantexada	
CA5.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Facer de maneira correcta tres expresións artísticas diferentes	
CA6.2 - Interpretar propostas dramáticas e musicais utilizando e explorando diferentes instrumentos, recursos ou técnicas.	Cumplir o criterio de avaliación na súa totalidade.	
CA6.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Ser quen de interpretar algunha proposta artística.	
CA6.4 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Cumplir o criterio de avaliación na súa totalidade.	
CA6.5 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Cumplir o criterio de avaliación na súa totalidade.	
CA6.6 - Interpretar musicalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (oral, plástica, gráfica, escrita e corporal), indagando nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	Ser quen de expresar de maneira correcta e con certa precisión tres mensaxes utilizando algunha das linguaxes propostas.	
CA7.1 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, tamén en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Cumplir o criterio de avaliación na súa totalidade.	
CA7.2 - Elaborar creacións plásticas explorando e utilizando diferentes materiais e técnicas e participando activamente no traballo en grupo.	Cumplir o criterio de avaliación na súa totalidade.	
CA7.3 - Expresar emocións, ideas e pensamentos a través de manifestacións plásticas, artísticas e culturais, gozando do proceso creativo.	Ser quen de entender as mensaxes presentadas na maioría dos elementos presentados.	
CA7.4 - Expresar gustos, preferencias e opinións sobre distintas manifestacións artísticas, explicando as emocións que produce o seu gozo.	Cumplir o criterio de avaliación na súa totalidade.	
CA7.5 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Cumplir o criterio de avaliación na súa totalidade.	
CA7.6 - Elaborar creacións plásticas a partir de mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, oral, gráfico, escrito e corporal) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre eles.	Ser quen de expresar de maneira correcta e con certa precisión mensaxes utilizando algunha das linguaxes propostas.	
CA8.1 - Explorar as posibilidades expresivas do corpo a través da dramatización e da danza.	Cumplir o criterio de avaliación na súa totalidade.	
CA8.2 - Axustar harmonicamente o seu movemento ao dos demais e ao espazo como forma de expresión corporal libre, manifestando interese e iniciativa.	Ser quen de amosar unha coordinada expresión corporal.	
CA8.3 - Valorar as producións dos demais de forma crítica, respectuosa e empática.	Cumplir o criterio de avaliación na súa totalidade.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA8.4 - Interpretar corporalmente mensaxes expresadas noutras linguaxes (musical, plástica, gráfica, escrita e oral) e indagar nas posibilidades expresivas que ofrecen as transferencias entre elas.	Ser quen de expresar de maneira correcta e con certa precisión mensaxes utilizando algunha das linguaxes propostas.	
CA9.1 - Interactuar de maneira virtual familiarizándose co uso de diferentes medios e ferramentas dixitais.	Cumplir o criterio de avaliación na súa totalidade.	
CA9.2 - Interpretar as mensaxes transmitidas mediante representacións ou manifestacións artísticas, ou en formato dixital, recoñecendo a intencionalidade do emisor e mostrando unha actitude curiosa e responsable.	Cumplir o criterio de avaliación na súa totalidade.	
CA9.3 - Expresarse de maneira creativa utilizando diversas ferramentas ou aplicacións dixitais intuitivas e visuais para expresarse de maneira creativa.	Ser quen de utilizar polo menos unha ferramenta dixital presentada na aula.	
CA9.4 - Coñecer e aplicar as normas básicas de uso das ferramentas tecnolóxicas: tempos de utilización, contextos e momentos de uso, tipo de aplicacións, contidos axeitados.	Cumplir o criterio de avaliación na súa totalidade.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Repertorio comunicativo e elementos da comunicación non verbal. - Comunicación interpersonal: empatía e asertividade. - Convencións sociais do intercambio lingüístico en situacións comunicativas que potencien o respecto e a igualdade: atención, escoita activa, quendas de diálogo e alternancia. - Ampliación do repertorio lingüístico individual. - A lingua galega como parte da identidade da nosa comunidade autónoma. - Emprego de fórmulas ou expresións que responden ás súas necesidades ou intereses. - Uso do vocabulario das dúas linguas cooficiais. - Recoñecemento das particularidades lingüísticas da contorna máis próxima. - Interpretación da intención comunicativa das mensaxes. - Verbalización da secuencia de accións nunha actividade planificada. - Dominio progresivo do trazo a través da grafomotricidade como medio de expresión e comunicación. - Identificación e representación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais. - Iniciación a estratexias de procura de información, reelaboración e comunicación. - A biblioteca de centro e de aula como recurso de aproximación á literatura. - Discriminación de sons e identificación da fonte sonora. - Exploración das posibilidades sonoras, expresivas e creativas da voz e do corpo.

Contidos

- Descubrimento das propiedades sonoras dos obxectos cotiáns da súa contorna e dos instrumentos.
- Utilización de sons para a interpretación e a creación musical.
- Achegamento a propostas musicais en distintos formatos: escoitar, cantar, bailar e tocar.
- O código musical: o son, o silencio e as súas calidades.
- Recoñecemento da intención expresiva nas producións musicais e/ou sonoras.
- Aprecio da escoita musical como fonte de gozo.
- Respecto polas producións alleas.
- Identificación das funcións da linguaxe musical: comunicativa, representativa e lúdico-creativa.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais específicos e inespecíficos.
- Aproximación aos elementos básicos da expresión plástica, técnicas e procedementos.
- Intención expresiva de producións plásticas e pictóricas.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Planificación da acción en producións plásticas.
- Achegamento a diferentes formatos e soportes de expresión plásticos e visuais.
- Exploración das posibilidades expresivas e comunicativas do propio corpo (cara, postura, ton, xestos¿) en actividades individuais e grupais libres de prexuízos e estereotipos sexistas.
- Aproximación aos xogos de expresión corporal e dramática.
- Uso do baile e da danza como medios de expresión.
- Respecto cara ás producións alleas.
- Vivencia do xesto e do movemento como recursos corporais para a expresión, a comunicación e o intercambio afectivo.
- Aproximación ao uso de aplicacións e ferramentas dixitais con distintos fins: creación, comunicación, aprendizaxe e gozo.
- Uso saudable e responsable das tecnoloxías dixitais.
- Aproximación ao uso de ferramentas dixitais en procesos creativos.
- Lectura e interpretación crítica de imaxes e información recibida a través de medios dixitais.
- Función educativa dos dispositivos e elementos tecnolóxicos da súa contorna.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O obxectivo que temos é que os/as alumnos/as descubran, investiguen e cheguen a ser competentes e capaces de se desenvolveren na vida. Isto implica que o noso alumnado ten que pensar e ser quen de aprender por eles mesmos, dándolles as ferramentas e estratexias para que sexan eles mesmos os protagonistas das súas aprendizaxes

Utilizaremos:

- Intelixencias múltiples: deixaremos que cada neno/a aprenda ao seu ritmo.

- Educación emocional: ensinaremos aos nenos e nenas a que saiban controlar e xestionar os seus sentimentos e emocións.
- Aprendizaxe baseado na reflexión e na investigación: intentaremos que o alumno/a cheguen a unha solución ante un problema exposto. Pode facelo de maneira individual ou en grupo. Con isto desenvolvemos nos nenos/as o razoamento e a creatividade.
- A aprendizaxe cooperativa: realizaremos actividades de aprendizaxe en conxunto onde os/as alumnos/as poden e deben traballar en equipo, tanto dentro como fora do aula, para poder interactuar entre eles coa meta de conseguir un mesmo obxectivo común. Na aula os/as alumnos/as divídense en pequenos grupos que traballan unha temática que se lles asignou e sobre a que aprenden, mediante a colaboración de todos os/as alumnos/as que integran o equipo. Esta aprendizaxe potencia as capacidades de cada neno/a a través do intercambio de coñecementos. Coa aprendizaxe colaborativa se desenvólvese o sentido da responsabilidade, desenvólvese habilidades de liderado, facilita o traballo en equipo, mellora a autoestima do alumnado e fomenta a competencia.
- A ensinanza por descubrimento: os/as alumnos/as aprenden os coñecementos por si mesmos de maneira progresiva. Debemos de motivar aos alumnos/as a aprender a través dun material adecuado. A aprendizaxe por descubrimento estimula aos/as alumnos/as a pensar, se potencia a solución creativa de problemas, estimula a autoestima e a seguridade, ademais.
- O xogo: O xogo promove a ensinanza das intelixencias múltiples, facilita a xestión e a comunicación das emocións, aumenta a confianza nun mesmo e o respecto cara os demais.
O xogo ten un papel fundamental no desenvolvemento integral do/a neno/a, e un elemento de motivación que fai mais ameno e facilita a aprendizaxe. O alumnado aprende mais rapidamente se o fai de maneira divertida e sen estrés. Nos serve para estimular a súa imaxinación, a súa creatividade, facilita a comprensión de situacións, a resolución de problemas, a elaboración de estratexias, e aprende as normas de convivencia.
A través deste, os nenos interiorizan normas, expresan sentimentos e emocións contribuíndo a un desenvolvemento integral, polo que deberemos dotar as nosas actividades de carácter lúdico.
- Aprendizaxe significativo: Estableceremos relacións entre os novos aprendizaxes e os previos que teñen os/as nosos/as alumnos/as, o que favorecerá a xeneralización de aprendizaxes atribuíndo significado a aquilo que le transmitimos.
- Ambiente cálido, estimulante e de respecto: os/as nenos/as interiorizan as aprendizaxes sempre en relación cos outros, a calidade das interaccións tanto con adultos como cos iguais condicionarán en gran medida o seu desenvolvemento sempre que sinta que se conta con el/ela que lle ofrecemos a confianza necesaria para expresarse libremente.
- Espazo e o tempo flexible e adaptado: estableceremos rutinas que se adapten as necesidades e obxectivos, outorgaremos tamén aos/as neno/as espazos e tempos onde poidan explorar segundo as súas necesidades e ritmos de aprendizaxe. Os agrupamentos deben favorecer as interaccións de calidade entre os membros de cada grupo e sentirse partícipes del.
- Atenderemos á diversidade da aula: respectando os diferentes estilos cognitivos, motivacións e intereses. Por elo, respectaremos as diferencias persoais de maneira que a aprendizaxe sexa o mais individualizado posible.
- Favoreceremos a motivación.
- Flexibilidade: Posibilitar a flexibilidade e adaptabilidade do proceso de ensino- aprendizaxe ás necesidades da nosa aula.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais didácticos
Materiais de aula
Recursos de aula

Utilizaremos estes materiais e recursos como instrumentos de mediación entre os contidos, os aprendizaxes e os obxectivos. serán elementos de xogo e de actividades para o desenvolvemento de capacidades e habilidades que permitan o seu desenvolvemento integral en todas as súas tarefas.

Este material será seguro, resistente, de fácil manexo, atractivo, polivalente e pouco estruturado, para maior

facilidade do traballo por parte do alumnado.

Os materiais serán orientados cara o intercambio e a comunicación entre o alumnado, cos adultos e co mundo exterior.

Teremos materiais de representación e estimulación cos que o alumnado vai interpretando o mundo que lle rodea sendo importante o xogo simbólico e dramático; e teremos materiais de desenvolvemento da expresión oral, onde o obxectivo primordial será a capacidade de expresión, materiais para secuencias temporais, lectura de imaxes, contos, revistas, láminas, xogos numéricos, dominós, puzzles, bloques lóxicos, xogos de plantilla, material plástico (cores de cera, pintura de dedo, témpera, diferentes tipos de papeis, pinceis, plastilina, barro,..) material de construcións, xogos de rosca, mecano, material musical, material informático e audiovisual(ordenador, tablets e pantalla dixital), materiais naturais (arena, auga, horta) , materiais de experimentación (balanzas, prismas, lupas, cordas, imanes, candeas, cintas métricas), materiais non estruturados (corchos, teas, follas,...)

Utilizaremos como recursos principais de traballo os grupos colaborativos (choiva de ideas, toma de decisións, role playing, asambleas, láminas de coleccións, películas, prensa, conversa), o debuxo libre, saídas a contorna e proxectos de traballo. Ademais utilizaremos

como medio de expresión propia a dramatizacións, a danza, os títeres e as simulacións.

Desenvolveremos ademais o traballo individual (textos, observación, manualidades, exercicios motores, uso dos rincóns de aula, observacións directas, expresión de sentimentos, itinerarios didácticos e actividades complementarias.

Os materiais serán orientados cara o intercambio e a comunicación entre o alumnado, cos adultos e co mundo exterior. Teremos materiais de representación e estimulación cos que o alumnado vai interpretando o mundo que lle rodea sendo importante o xogo simbólico e

dramático; e teremos materiais de desenvolvemento da expresión oral, onde o obxectivo primordial será a capacidade de expresión.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Realizaremos esta avaliación ao comezar o curso e polo tanto o proceso educativo e serviranos para establecer a liña base e o punto de partida do proceso de ensinanza aprendizaxe. Con esta avaliación inicial coñeceremos cales son as capacidades e características que teñen cada un dos nosos alumnos/as nos diferentes ámbitos de seu desenvolvemento.

Realizaremos un ficheiro de datos onde se recollerán datos relevantes sobre o proceso de desenvolvemento das capacidades completadas nos obxectivos do currículo. Incluiremos ademais a información proporcionada polo pai, nai ou titor legal, e se fora o caso, dos informes médicos, psicolóxicos, psicopedagóxicos que aporten estes ao comezo da escolarización do presente curso.

Rexistrárase ademais a observación directa, que realizaremos mediante instrumentos de recollida baseados no proxecto educativo e no currículo vixente. Os puntos principais para esta observación directa serán: as relacións con iguais e cos mestres, o desenvolvemento da linguaxe e ante todo o período de adaptación á clase.

Así mesmo solicitarase ao mestre do curso anterior un informe cos datos oportunos do/a alumno/a para cerrar esta avaliación (caso de asistir a EEI)

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Para a elaboración dos criterios de cualificación nos rexeremos pola orde do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

A valoración do proceso de aprendizaxe se expresará en termos cualitativos, recolléndose os progresos efectuados polo alumnado e, no seu caso, as medidas de reforzo e adaptación levadas a cabo.

Valoraranse os contidos e competencias adquiridas nesta unidade por media da observación directa e sistemática do traballo realizado na clase.

Construirase un caderno de clase onde observar a realización axeitada do traballo e a organización, coidado e utilización do material. Por último valoraremos a expresión oral do alumnado, a súa participación precisa en cada unha das actividades, o seu esforzo e a súa capacidade de escoita.

Criterios de recuperación:

Utilizaremos actividades que reforen os contidos traballados en cada unha das unidades, dedicando mais tempo aos coñecementos que necesitan ser afianzados.

Teranse en conta os resultados da avaliación inicial e a información do profesorado do curso anterior. As medidas de reforzo educativo irán dirixidas, fundamentalmente, ao alumnado que presente dificultades de aprendizaxe nos aspectos básicos e instrumentais do currículo e que non teña desenvolvido convenientemente os niveis básicos de autonomía e de aprendizaxe mínimos do seu curso. Aqueles outros que presenten algunha outra circunstancia que, a xuízo do titor e profesor de AL e PT, xustifique convenientemente a súa inclusión nestas medidas.

O reforzo será impartido polo profesorado do centro no horario lectivo dispoñible para o efecto. Terán prioridade o alumnado con maiores dificultades. O reforzo educativo poderá ser temporal ou para todo o curso académico, seguindo trimestralmente. Procurarase que o reforzo educativo coincida na aula co apoio do profesorado especialista (PT e AL). Primarase o apoio lingüístico para aqueles alumnos e alumnas cuxas dificultades causen atraso noutras aprendizaxes básicas. Na medida do posible, os reforzos educativos serán realizados por profesorado do mesmo internivel, ou por profesorado que afecte directamente ao grupo clase con dispoñibilidade horaria. Este reforzo realizarase en períodos non superiores a 15 minutos, para interferir mínimamente na actividade da aula. Os reforzos organizaranse en horarios semanais diferentes coa intención de darlle a maior continuidade posible aos devanditos reforzos. Os criterios de temporalización das medidas a desenvolver ao tratarse de contidos que se amplían cada ano, reforzaranse no momento oportuno segundo a programación de cada unidade. Naqueles alumnos/as que o requiran, adoptaranse medidas específicas para reforzar os contidos que o profesorado especialista (PT e AL) o titor consideren prioritarios.

6. Medidas de atención á diversidade

As diferencias individuais dos/as alumnos/as, os seus distintos bagaxes biolóxicos, a súas experiencias sociais, e culturais, a súas habilidades e os seus diferentes ritmos de vida e aprendizaxe, fan que non se poida partir dunha panificación baseada nun grupo homoxéneo.

Utilizaremos a observación directa e sistemática no día a día na aula o que nos permitirá descubrir potencialidades e dificultades do alumnado no proceso de aprendizaxe. As titoras tomaremos medidas encamiñadas a favorecer o seu desenvolvemento.

Intentaremos dar resposta as necesidades, temporais ou permanentes, de todo o alumnado.

Atenderemos non só a una determinada dificultade específica que presente o/a alumno/a senón todo o que alumno/a represente: determinadas circunstancias (económicas, sociais e familiares).

No caso de detectar dificultades, analizarase: o posible motivo da súa aparición, a duración do mesmo, o momento no que se produce, os elementos externos que poidan influír na súa aparición (situacións familiares, acontecementos no seu entorno, vivencias persoais), situacións concretas nas que se manifesta, etc.

O principal obxectivo é promover o éxito escolar e incrementar a motivación do alumnado, garantir a súa plena incorporación á vida escolar e social e contribuír á consecución dun clima positivo para o desenvolvemento dos procesos de ensinanza e aprendizaxe na aula e no centro.

O que pretendemos e a participación activa e democrática de todo o alumnado na vida social e escolar do centro, para elo traballaremos os principios e valores como:

- A inclusión como base do desenvolvemento educativo do centro para mellorar a aprendizaxe e a participación de todo o alumnado.
- O valor da diferenza como algo enriquecedor.
- Altas expectativas cara todo o alumnado, as familias e o profesorado.
- Crenza nas capacidades de todos os alumnos e alumnas, partindo das mesmas e non das discapacidades ou dificultades e intentando reducir todas as varreras de aprendizaxe.
- Colaboración entre todos os membros da escola: colaboración e cooperación dos alumnos/as entre si, dos

profesores entre si, das familias, ...Todo o profesorado se implica na resposta á diversidade, xa que non é responsabilidade exclusiva do profesorado de apoio, senón de todo o profesorado.

- Organizaremos os recursos persoais e materiais do centro co fin de facilitar unha resposta educativa a todo o alumnado

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Educación para la Paz	X		
ET.2 - Vida en sociedade		X	
ET.3 - Diversidade cultural			X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Exposicións	Acudiremos a exposicións relacionadas con expresións plásticas			
Concertos	Acudiremos a concertos nas diferentes linguas traballadas no aula.			
Contacontos	Faremos diferentes contacontos en diferentes idiomas. Levaranse a cabo por diferentes estamentos da comunidade educativa e por empresas colaboradoras co centro.			
Obradoiros	Acudiremos a diferentes obradoiros relacionados coas tres unidades			
Semana do libro	Celebración da semana do libro relacionando esta semana coas linguas cooficiais.			
Día do libro	Traballaremos co libro achegado por cada alumno/a.			
Conmemoracións	Celebración por medio de diferentes actividades relacionadas cas unidades as conmemoracións marcadas no calendario escolar.			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Metodoloxía empregada
Consecución de competencias
Cumprimento das programacións didácticas

Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Utilización de recursos bibliográficos, informáticos, audiovisuais e espaciais
Aproveitamento dos recursos
Cumprimento das normas de organización de centro
Medidas de atención á diversidade
Seguimento do proceso de ensinanza aprendizaxe
Atención á diversidade
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Relación coa comunidade educativa.

Descrición:

A avaliación de cada profesor realizarase desde varios puntos de vista:

- Autoliquidación do interesado.
- Por equipos didácticos ou docentes mediante a posta en común dos aspectos xerais da autoavaliación individual.
- Avaliación do Equipo Directivo.
- Avaliarase o procedemento de utilización de recursos bibliográficos, informáticos, audiovisuais e espaciais.
- Farase unha comprobación da existencia dos protocolos que levará a cabo o equipo directivo e reflexarase na memoria final.
- Farase unha avaliación da organización e aproveitamento dos recursos cun seguimento efectivo dos protocolos de uso, sen que se produzan disfuncións.
- Avaliarase a utilización dos recursos por parte de todos de forma que os recursos previstos se utilizaran polo menos unha vez por curso.
- Avaliarase a existencia dunha correcta convivencia entre toda a comunidade educativa axustada ao estándar real do marco escolar, así coma a existencia dun Plan de Convivencia axustado cumprimento en todo momento os trámites sinalados e confirmando a intervención correcta por parte do profesor.
- Terase en conta o cumprimento do PEC, así como, dos programas didácticos.
- Referirase unha avaliación da consecución de competencias, a porcentaxe de alumnos con avaliación positiva, as programacións didácticas revisadas e axustadas ás características individuais de cada alumno/a así como a satisfacción das familias co profesor/a.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Esta Programación Didáctica é un documento aberto, susceptible de melloras e/ou modificacións que se poidan considerar oportunas, para que sexa unha guía eficaz do proceso de ensino-aprendizaxe do noso Centro.

Ao comezo do curso reunirase o Equipo de Ciclo para facer a revisión da Programación Didáctica, deste xeito contribuiremos a ter actualizado o devandito documento e ao mesmo tempo axudaranos a reflexionar a nosa práctica educativa e as diferentes situacións que se nos presentan, tales como: estimular a aprendizaxe, atender á diversidade, organización de do alumnado, axudar ao alumnado no seu desenvolvemento persoal, regular comportamentos persoais e sociais, avaliar, promover o alumnado, distribuír tempos e espazos, os recursos empregados, utilizar medios técnicos etc.

Ademais reuniranse unha vez por trimestre para recoller aquelas modificación que se deberan facer na programación, se se da o caso, do cal quedará constancia por escrito.

As unidades didácticas serán obxecto de revisión e modificación ao longo do curso.

Farase un enfoque dende unha triple perspectiva:

- Avaliación do deseño: adecuación, coherencia, flexibilidade e funcionalidade.
- Avaliación da posta en práctica: reflexión continuada sobre o desenvolvemento do proxecto.
- Avaliación do impacto producido: comprobación de aprendizaxes, viabilidade da programación para o curso.

Ao final do curso farase un seguimento onde se plasme a utilizade real , o seu carácter flexible e a intervención do profesorado do cal se sacarán as propostas de mellora para o curso seguinte, tendo en conta sempre o anteriormente relatado.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006675	CPR San José	Pontevedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Crecedemento en harmonía	6º Inf.	6	210

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	12
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	13
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	13
6. Medidas de atención á diversidade	14
7.1. Concreción dos elementos transversais	14
7.2. Actividades complementarias	15
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	15
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	16
9. Outros apartados	16

1. Introducción

A Educación Infantil ten como finalidade básica contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo, social, e intelectual dos nenos e nenas. Para desenvolver un bo proceso de ensinanza e de aprendizaxe e conseguir no/a neno/a un desenvolvemento e unha evolución óptima é necesario ter en conta unha multitude de aspectos, tanto as súas características persoais como as do entorno. Facilitando deste xeito a súa integración na sociedade na que vive e se desenvolve.

A programación, supón a organización e planificación das aprendizaxes, e convértese no punto de partida para preparar o día a día co alumnado e e axúdanos a definir aqueles aspectos que debemos ter en conta antes de comezar cada proceso de ensino-aprendizaxe. Representa o conxunto de decisións didácticas que adopta o mestre ou mestra como folla de ruta a seguir durante o seu labor docente. Nela, aproveitaremos para contextualizar e adaptar as aprendizaxes partindo das necesidades específicas do grupo de alumnos e alumnas e os seus ritmos de aprendizaxe, facilitando desta maneira o bo desenvolvemento das nosas propostas na aula.

Cando organizamos as nosas decisións didácticas, estamos a ordenar as ideas esenciais para construír verdadeiras situacións de aprendizaxe e brindarlles a mellor educación posible aos alumnos e alumnas. A programación permítenos crear un deseño pedagóxico único e persoal que dea resposta ás necesidades educativas de todos os nenos e nenas.

A avaliación completará o proceso de ensino-aprendizaxe. Analizaremos en cada momento os aspectos que inflúen neste e poremos en valor as aprendizaxes. Permitiranos saber se estamos a cumprir os obxectivos propostos e, en caso contrario, realizar unha revisión da nosa práctica e detectar novas necesidades, carencias e/ou cambios necesarios que demanden a nosa aula e os nosos alumnos.

Para dar resposta á necesidade de programar e avaliar, presentamos o seguinte material coa intención de compilar a información básica que axude a ordenar as aprendizaxes, permitindo unha xestión eficaz da aula cunha visión global do proceso educativo previsto durante o curso escolar.

Seguindo a Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria correspóndelle ó profesorado a programación de actividades e tarefas ,programación de aula, partindo do Proxecto curricular do centro e a súa concreción na programación de ciclo.

Para o desenvolvemento desta programación teremos en conta a lexislación vixente pola que se desenvolve o Currículo de ED. Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, Decreto 150/2022, do 8 de setembro de 2022. Non obstante cabe sinalar que esta Programación será o suficientemente flexible e adaptarase á ORDE pola que se aproba o calendario escolar para cada curso nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia e maila Resolución da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se establece a incorporación gradual do alumnado.

Durante o transcurso das primeiras semanas do curso realizaremos as pertinentes valoracións iniciais para detectar calquera tipo de dificultade que nos poida suscitar.

A lingua ca que imos a traballar na aula será o castelán, que é a lingua maioritaria dos nenos/as, e ademais é a nosa obriga facer que os rapaces/as coñezan a lingua da súa comunidade, o galego.

Somos un colexio concertado con Educación Infantil e Educación Primaria que consta dun curso por nivel.

A maioría das familias son castelán falantes. A comunicación cos fillos é en castelán, reducíndose a comunicación en galego a menos dun sete por cento, polo xeral, do noso alumnado. Obsérvase unha redución desta porcentaxe cando a comunicación é fora da familia.

Cara a achegarse a unha normalización da lingua galega, o colexio ten un papel importante de desenvolver, sempre dende o punto de vista de que debe ser un axente compensador de desigualdades para que os nosos alumnos/as podan familiarizarse co galego para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, facendo en todo caso, que as dúas lingua oficiais sexan tidas en conta.

Responden maioritariamente ao modelo tradicional de familia, aínda que cada vez máis obsérvase unha tendencia á ruptura da estrutura familiar e na case totalidade dos casos a patria potestade pasa a ser exclusividade da nai. . Cabería ter en conta a situación desta minoría xa importante que adoitan necesitar actuacións específicas que se derivan da ruptura dese modelo social.

O nivel académico das familias é medio-alto , con estudos primarios e estudos de F.P. e B.U.P., e universitarios. Aínda que nalgúns casos teñen a formación básica.

A situación laboral das familias e maioritariamente activa, e predomina o tipo de familia na que os ambos proxenitores traballan, aínda que nestes tempos de pandemia moitos tiveron problemas neste ámbito.

As familias participan na dinámica do centro, prestan a súa colaboración sempre que sexa necesaria para actividades complementarias e extraescolares, asisten as reunións e ofrecen suxestións.

As normas de funcionamento, organización e puntualidade son aceptadas e cumpridas con rigorosidade e regularidade.

Tratase de favorecer a comunicación coas familias para lles facer partícipes e responsables da educación conxunta dos seus fillos/as e sensibilizalos da importancia educativa da etapa que se atopan os seus nenos e nenas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Progresar no coñecemento e no control do seu corpo e na adquisición de distintas estratexias, adecuando as súas accións á realidade da contorna dunha maneira segura para construír unha autoimaxe axustada e positiva.	1	1	1	1	1	1	1	1
OBX2 - Recoñecer, manifestar e regular progresivamente as súas emocións expresando necesidades e sentimentos para lograr o benestar emocional e a seguridade afectiva	1				1	1	1	1
OBX3 - Adoptar modelos, normas e hábitos, desenvolvendo a confianza nas súas posibilidades e sentimentos de logro para promover un estilo de vida saudable e ecosocialmente responsable	1				1	1	1	1
OBX4 - Establecer interaccións sociais en condicións de igualdade, valorando a importancia da amizade, do respecto e da empatía para construír a súa propia identidade baseada en valores democráticos e de respecto aos dereitos humanos	1				1	1	1	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O noso corpo	Exploración e coñecemento do noso corpo, cunha imaxe global e segmentaria.	75	X	X	X
2	Sentimos	Expresión de sentimentos, vevecias, emocións, preferencias e inereses. Traballaremos sobre a importancia dos nosos sentimentos na vida cotiá.	70	X	X	X
3	Saúde e benestar	Traballaremos para recoñecer as necesidades básicas do noso corpo e a aceptación das normas relacionadas con estas necesidades.	65	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O noso corpo	75

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Progresar no coñecemento do seu corpo axustando accións e reaccións e desenvolvendo o equilibrio, a percepción sensorial e a coordinación no movemento	Cumprir o criterio de avaliación na súa totalidade.	TI
CA1.2 - Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e nas súas diferentes partes mostrando un nivel de detalle acorde á súa idade ou estado madurativo, chegando a interiorizar paulatinamente o seu esquema corporal	Ser quen de coñecer e representar o esquema corporal completo.	
CA1.3 - Recoñecer as percepcións sensoriais propioceptivas e exteroceptivas captadas a través dos sentidos verbalizando as sensacións que producen	Cumprir o criterio de avaliación na súa totalidade.	
CA1.4 - Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións	Cumprir o criterio de avaliación na súa totalidade.	
CA1.5 - Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá, mostrando un variado repertorio motriz	Ser quen de controlar e coordinar o seu corpo nas actividades plantexadas.	
CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	Desmostrar a súa destreza motora e manipulativa nos xogos propostos.	
CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade	Ser quen de descubrir as diferenzas e semellanzas entre as persoas e valorar positivamente a diversidade.	
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Progresar na adquisición dunha motricidade fina nas diferentes actividades propostas.	
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.	Seguir as normas pautadas nos diferentes xogos.	
CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.	Cumprir o criterio de avaliación na súa totalidade.	
CA2.7 - Expresar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos.	Ser quen de expresar as súas necesidades.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.8 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación.	Ser quen de facer actividades respetando a colectividade.	
CA4.2 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Ser quen de seguir as rutinas marcadas na clase.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Exploración e control do corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do esquema corporal e das súas posibilidades expresivas. - Imaxe global e segmentaria do corpo: características individuais e percepción dos cambios físicos. Autoimaxe positiva e axustada ante os demais. - Identificación e respecto das diferenzas, así como a aceptación da súa imaxe corporal e da propia identidade. - Descubrimento dos cambios que se producen nas persoas co paso do tempo, respectando as diferenzas. - Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado. - Coñecemento do corpo e da contorna a través dos sentidos e das súas funcións. Implicacións da discapacidade sensorial ou física na vida cotiá. - Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos ¿control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos¿ co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas. - Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións. - Avance e control progresivo da motricidade fina. - Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás. - O xogo como ferramenta de exploración persoal. - Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia. - Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto. - Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.

UD	Título da UD	Duración
2	Sentimos	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	Desmostrar a súa destreza motora e manipulativa nos xogos propostos.	TI
CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade	Ser quen de descubrir as diferenzas e semellanzas entre as persoas e valorar positivamente a diversidade.	
CA2.1 - Identificar e manifestar os propios sentimentos, vivencias, emocións e comprender as dos demais.	Cumprir o criterio de avaliación na súa totalidade.	
CA2.2 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Cumprir o criterio de avaliación na súa totalidade.	
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.	Seguir as normas pautadas nos diferentes xogos.	
CA2.4 - Identificar e expresar as súas necesidades e sentimentos axustando progresivamente o control das súas emocións.	Amosar control nas súas emocións na maioría das ocasións.	
CA2.5 - Adquirir un nivel mínimo de tolerancia á frustración e ser capaz de adaptar o seu comportamento a diferentes situacións.	Cumprir o criterio de avaliación na súa totalidade.	
CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.	Cumprir o criterio de avaliación na súa totalidade.	
CA2.7 - Expressar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos.	Ser quen de expresar as súas necesidades.	
CA2.8 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación.	Ser quen de facer actividades respetando a colectividade.	
CA4.1 - Manifestar sentimentos de seguridade persoal na participación en xogos e nas diversas situacións da vida cotiá, confiando nas propias posibilidades e mostrando iniciativa.	Amosar iniciativa e seguridade nas actividades propostas.	
CA4.2 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Ser quen de seguir as rutinas marcadas na clase.	
CA4.3 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía e evitando todo tipo de discriminación.	Ser quen de facer actividades respetando a colectividade.	
CA4.4 - Relacionarse de maneira asertiva, con tolerancia e eficacia coas persoas coas que interacciona nas súas rutinas diarias e nas súas actividades cotiás.	Cumprir o criterio de avaliación na súa totalidade.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.5 - Reproducir condutas, accións ou situacións a través do xogo simbólico en interacción cos seus iguais, identificando e rexeitando todo tipo de estereotipos.	Facer xogos simbólicos sen estereotipos.	
CA4.6 - Participar activamente en actividades relacionadas coa reflexión sobre as normas sociais que regulan a convivencia e promoven valores como o respecto á diversidade e o trato non discriminatorio cara ás persoas.	Seguir as normas sociais básicas e adquirir conciencia da non discriminación entre persoas.	
CA4.7 - Desenvolver destrezas e habilidades para a xestión de conflitos de forma positiva proponendo alternativas creativas e tendo en conta o criterio doutras persoas.	Ser quen de resolver conflitos con empatía solo o coa axuda dun adulto.	
CA4.8 - Participar, desde unha actitude de respecto, en actividades relacionadas con costumes e tradicións étnicas e culturais presentes na súa contorna mostrando interese por coñecelas.	Amosar respecto e interese ante as costumes e tradicións diferentes as súas.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos ¿control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos¿ co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas. - Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións. - Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas. - Ferramentas para a identificación, expresión, aceptación e control progresivo das propias emocións, sentimentos, vivencias, preferencias e intereses. - Estratexias de axuda e colaboración en contextos de xogo e rutinas. - Estratexias para desenvolver a seguridade en si mesmo, o recoñecemento das súas posibilidades e a asertividade respectuosa cara aos demais. - O xogo como ferramenta de exploración persoal. - Aceptación e valoración axustada e positiva da súa persoa, confiando nas súas posibilidades e recoñecendo as limitacións propias. - Aceptación construtiva de erros e correccións: manifestacións de superación e logro. - Valoración do traballo ben feito: desenvolvemento inicial de hábitos e actitudes de esforzo, constancia, organización, atención e iniciativa. - Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia. - Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións. - A diversidade familiar. Familia, escola e outros contextos socioemocionais. Identificación e diferenciación como primeiros grupos sociais de pertenza e interacción. Outros grupos sociais de pertenza: características, funcións e servizos. - Habilidades socioafectivas e de convivencia: comunicación de sentimentos e emocións e pautas básicas de convivencia que inclúan o respecto á igualdade e o rexeitamento de calquera tipo de discriminación.

Contidos

- Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto.
- Resolución de conflitos xurdidos nas interaccións sociais.
- A amizade como valor, así como elemento protector, de prevención da violencia e de desenvolvemento da cultura da paz.
- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.
- Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas.
- Xogo simbólico. Observación, imitación e representación de persoas, personaxes e situacións. Estereotipos e prexuízos.
- Celebracións, costumes e tradicións. Ferramentas para o aprecio dos sinais de identidade étnico-cultural presentes na súa contorna.
- Asentamentos e actividades da contorna.

UD	Título da UD	Duración
3	Saúde e benestar	65

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.5 - Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá, mostrando un variado repertorio motriz	Ser quen de controlar e coordinar o seu corpo nas actividades plantexadas.	TI
CA1.6 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais e mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	Desmostrar a súa destreza motora e manipulativa nos xogos propostos.	
CA1.7 - Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade	Ser quen de descubrir as diferenzas e semellanzas entre as persoas e valorar positivamente a diversidade.	
CA1.8 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino	Progresar na adquisición dunha motricidade fina nas diferentes actividades propostas.	
CA2.3 - Participar en contextos de xogo dirixido e espontáneo axustándose ás súas posibilidades persoais.	Seguir as normas pautadas nos diferentes xogos.	
CA2.6 - Ofrecer e pedir axuda en situacións cotiás valorando os beneficios da cooperación e da axuda entre iguais.	Cumprir o criterio de avaliación na súa totalidade.	
CA2.7 - Expresar inquietudes, gustos e preferencias mostrando satisfacción e seguridade sobre os logros conseguidos.	Ser quen de expresar as súas necesidades.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.8 - Participar con iniciativa en xogos e actividades colectivas relacionándose con outras persoas con actitudes de afecto e empatía, aceptando as diferenzas individuais e evitando todo tipo de discriminación.	Ser quen de facer actividades respetando a colectividade.	
CA3.1 - Manexar diferentes obxectos, útiles e ferramentas en situacións de xogo e na realización de tarefas cotiás, mostrando un control progresivo e de coordinación de movementos de carácter fino.	Cumprir o criterio de avaliación na súa totalidade.	
CA3.2 - Recoñecer hábitos de saúde, alimentación saudable, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	Ser quen de levar a término hábitos saudables descritos na aula.	
CA3.3 - Identificar situacións de risco e actuar coherentemente ante elas, aceptando as normas.	Cumprir o criterio de avaliación na súa totalidade.	
CA3.4 - Realizar actividades relacionadas co autocoidado e co coidado da contorna con actitude de respecto e mostrando autoconfianza e iniciativa.	Ser quen de coidarse por si só cando non ten un adulto presente de maneira activa.	
CA3.5 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Ser que de respectar os ritmos propostos	
CA3.6 - Resolver con iniciativa e autonomía actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Cumprir o criterio de avaliación na súa totalidade.	
CA4.2 - Respetar a secuencia temporal asociada aos acontecementos e actividades cotiás, adaptándose ás rutinas establecidas para o grupo e desenvolvendo comportamentos respectuosos cara ás demais persoas.	Ser quen de seguir as rutinas marcadas na clase.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Adquisición das nocións básicas de orientación e coordinación de movementos ¿control progresivo da coordinación, ton, equilibrio e desprazamentos¿ co fin de adquirir autonomía na realización das tarefas. - Participación no xogo como actividade pracenteira e fonte de aprendizaxe. Interiorización paulatina das normas de xogo. Dominio activo do ton e a postura en función das características dos obxectos, accións e situacións. - Avance e control progresivo da motricidade fina. - Interiorización das nocións espazo-temporais nas actividades cotiás. - O xogo como ferramenta de exploración persoal. - Estratexias para a resolución de conflitos e para o desenvolvemento da resiliencia. - Recoñecemento das necesidades básicas do corpo. Hixiene, vestido, alimentación, descanso, actividade. - Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene. - Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.

Contidos

- Hábitos e prácticas sostibles e ecosocialmente responsables relacionadas coa alimentación, coa hixiene, coa actividade física, co descanso, co autocoidado e co coidado da contorna.
- Identificación de situacións perigosas adoptando comportamentos axeitados na prevención de accidentes e enfermidades.
- Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco.
- Actividade física estruturada con diferentes graos de intensidade.
- Rutinas: planificación secuenciada das accións para resolver unha tarefa; normas de comportamento social na comida, o descanso, a hixiene e os desprazamentos, etc.
- Estratexias de autorregulación da conduta. Empatía e respecto.
- Fórmulas de cortesía e interacción social positiva. Actitude de axuda e cooperación. A resposta empática á diversidade debida a distintas formas de discapacidade e ás súas implicacións na vida cotiá.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O obxectivo que temos é que os/as alumnos/as descubran, investiguen e cheguen a ser competentes e capaces de se desenvolveren na vida. Isto implica que o noso alumnado ten que pensar e ser quen de aprender por eles mesmos, dándolles as ferramentas e estratexias para que sexan eles mesmos os protagonistas das súas aprendizaxes

Utilizaremos:

- Intelixencias múltiples: deixaremos que cada neno/a aprenda ao seu ritmo.
- Educación emocional: ensinaremos aos nenos e nenas a que saiban controlar e xestionar os seus sentimentos e emocións.
- Aprendizaxe baseado na reflexión e na investigación: intentaremos que o alumno/a cheguen a unha solución ante un problema exposto. Pode facelo de maneira individual ou en grupo. Con isto desenvolvemos nos nenos/as o razoamento e a creatividade.
- A aprendizaxe cooperativa: realizaremos actividades de aprendizaxe en conxunto onde os/as alumnos/as poden e deben traballar en equipo, tanto dentro como fora do aula, para poder interactuar entre eles coa meta de conseguir un mesmo obxectivo común. Na aula os/as alumnos/as divídense en pequenos grupos que traballan unha temática que se lles asignou e sobre a que aprenden, mediante a colaboración de todos os/as alumnos/as que integran o equipo. Esta aprendizaxe potencia as capacidades de cada neno/a a través do intercambio de coñecementos. Coa aprendizaxe colaborativa se desenvólvese o sentido da responsabilidade, desenvólvese habilidades de liderado, facilita o traballo en equipo, mellora a autoestima do alumnado e fomenta a competencia.
- A ensinanza por descubrimento: os/as alumnos/as aprenden os coñecementos por si mesmos de maneira progresiva. Debemos de motivar aos alumnos/as a aprender a través dun material adecuado. A aprendizaxe por descubrimento estimula aos/as alumnos/as a pensar, se potencia a solución creativa de problemas, estimula a autoestima e a seguridade, ademais.
- O xogo: O xogo promove a ensinanza das intelixencias múltiples, facilita a xestión e a comunicación das emocións, aumenta a confianza nun mesmo e o respecto cara os demais. O xogo ten un papel fundamental no desenvolvemento integral do/a neno/a, e un elemento de motivación que fai máis ameno e facilita a aprendizaxe. O alumnado aprende máis rapidamente se o fai de maneira divertida e sen estrés. Nos serve para estimular a súa imaxinación, a súa creatividade, facilita a comprensión de situacións, a resolución de problemas, a elaboración de estratexias, e aprende as normas de convivencia. A través deste, os nenos interiorizan normas, expresan sentimentos e emocións contribuíndo a un desenvolvemento integral, polo que deberemos dotar as nosas actividades de carácter lúdico.
- Aprendizaxe significativo: Estableceremos relacións entre os novos aprendizaxes e os previos que teñen os/as nosos/as alumnos/as, o que favorecerá a xeneralización de aprendizaxes atribuíndo significado a aquilo que le transmitimos.

- Ambiente cálido, estimulante e de respecto: os/as nenos/as interiorizan as aprendizaxes sempre en relación cos outros, a calidade das interaccións tanto con adultos como cos iguais condicionarán en gran medida o seu desenvolvemento sempre que senta que se conta con el/ela que lle ofrecemos a confianza necesaria para expresarse libremente.
- Espazo e o tempo flexible e adaptado: estableceremos rutinas que se adapten as necesidades e obxectivos, outorgaremos tamén aos/as nenos/as espazos e tempos onde poidan explorar segundo as súas necesidades e ritmos de aprendizaxe. Os agrupamentos deben favorecer as interaccións de calidade entre os membros de cada grupo e sentirse partícipes del.
- Atenderemos á diversidade da aula: respectando os diferentes estilos cognitivos, motivacións e intereses. Por elo, respectaremos as diferencias persoais de maneira que a aprendizaxe sexa o mais individualizado posible.
- Favoreceremos a motivación.
- Flexibilidade: Posibilitar a flexibilidade e adaptabilidade do proceso de ensino-aprendizaxe ás necesidades da nosa aula.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais didácticos
Materiais de aula
Recursos de aula

Utilizaremos estes materiais e recursos como instrumentos de mediación entre os contidos, os aprendizaxes e os obxectivos. serán elementos de xogo e de actividades para o desenvolvemento de capacidades e habilidades que permitan o seu desenvolvemento integral en todas as súas tarefas.

Este material será seguro, resistente, de fácil manexo, atractivo, polivalente e pouco estruturado, para maior facilidade do traballo por parte do alumnado.

Os materiais serán orientados cara o intercambio e a comunicación entre o alumnado, cos adultos e co mundo exterior.

Teremos materiais de representación e estimulación cos que o alumnado vai interpretando o mundo que lle rodea sendo importante o xogo simbólico e dramático; e teremos materiais de desenvolvemento da expresión oral, onde o obxectivo primordial será a capacidade de expresión, materiais para secuencias temporais, lectura de imaxes, contos, revistas, láminas, xogos numéricos, dominós, puzzles, bloques lóxicos, xogos de plantilla, material plástico (cores de cera, pintura de dedo, témpera, diferentes tipos de papeis, pinceis, plastilina, barro,...) material de construcións, xogos de rosca, mecano, material musical, material informático e audiovisual (ordenador, tablets e pantalla dixital), materiais naturais (arena, auga, horta) , materiais de experimentación (balanzas, prismas, lupas, cordas, imanes, candeas, cintas métricas), materiais non estruturados (corchos, teas, follas,...)

Utilizaremos como recursos principais de traballo os grupos colaborativos (choiva de ideas, toma de decisións, role playing, asambleas, láminas de coleccións, películas, prensa, conversa), o debuxo libre, saídas a contorna e proxectos de traballo. Ademais utilizaremos

como medio de expresión propia a dramatizacións, a danza, os títeres e as simulacións.

Desenvolveremos ademais o traballo individual (textos, observación, manualidades, exercicios motores, uso dos rincóns de aula, observacións directas, expresión de sentimentos, itinerarios didácticos e actividades complementarias.

Os materiais serán orientados cara o intercambio e a comunicación entre o alumnado, cos adultos e co mundo exterior. Teremos materiais de representación e estimulación cos que o alumnado vai interpretando o mundo que lle rodea sendo importante o xogo simbólico e dramático; e teremos materiais de desenvolvemento da expresión oral, onde o obxectivo primordial será a capacidade de expresión.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Realizaremos esta avaliación ao comezar o curso e polo tanto o proceso educativo e serviranos para establecer a liña base e o punto de partida do proceso de ensinanza aprendizaxe. Con esta avaliación inicial coñeceremos cales son as capacidades e características que teñen cada un dos nosos alumnos/as nos diferentes ámbitos de seu desenvolvemento.

Realizaremos un ficheiro de datos onde se recollerán datos relevantes sobre o proceso de desenvolvemento das capacidades completadas nos obxectivos do currículo. Incluiremos ademais a información proporcionada polo pai, nai ou titor legal, e se fora o caso, dos informes médicos, psicolóxicos, psicopedagóxicos que aporten estes ao comezo da escolarización do presente curso.

Rexistrárase ademais a observación directa, que realizaremos mediante instrumentos de recollida baseados no proxecto educativo e no currículo vixente. Os puntos principais para esta observación directa serán: as relacións con iguais e cos mestres, o desenvolvemento da linguaxe e ante todo o período de adaptación á clase.

Así mesmo solicitarase ao mestre do curso anterior un informe cos datos oportunos do/a alumno/a para cerrar esta avaliación (caso de asistir a EEI)

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Para a elaboración dos criterios de cualificación nos rexeremos pola orde do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

A valoración do proceso de aprendizaxe se expresará en termos cualitativos, recolléndose os progresos efectuados polo alumnado e, no seu caso, as medidas de reforzo e adaptación levadas a cabo.

Valoráranse os contidos e competencias adquiridas nesta unidade por media da observación directa e sistemática do traballo realizado na clase.

Construírase un caderno de clase onde observar a realización axeitada do traballo e a organización, coidado e utilización do material. Por último valoraremos a expresión oral do alumnado, a súa participación precisa en cada unha das actividades, o seu esforzo e a súa capacidade de escoita.

Criterios de recuperación:

Utilizaremos actividades que reforcen os contidos traballados en cada unha das unidades, dedicando mais tempo aos coñecementos que necesitan ser afianzados.

Teráse en conta os resultados da avaliación inicial e a información do profesorado do curso anterior. As medidas de reforzo educativo irán dirixidas, fundamentalmente, ao alumnado que presente dificultades de aprendizaxe nos aspectos básicos e instrumentais do currículo e que non teña desenvolvido convenientemente os niveis básicos de autonomía e de aprendizaxe mínimos do seu curso. Aqueles outros que presenten algunha outra circunstancia que, a xuízo do titor e profesor de AL e PT, xustifique convenientemente a súa inclusión nestas medidas.

O reforzo será impartido polo profesorado do centro no horario lectivo dispoñible para o efecto. Terán prioridade o alumnado con maiores dificultades. O reforzo educativo poderá ser temporal ou para todo o curso académico, seguíndoo trimestralmente. Procurárase que o reforzo educativo coincida na aula co apoio do profesorado especialista (PT e AL). Primárase o apoio lingüístico para aqueles alumnos e alumnas cuxas dificultades causen atraso

noutras aprendizaxes básicas. Na medida do posible, os reforzos educativos serán realizados por profesorado do mesmo internivel, ou por profesorado que afecte directamente ao grupo clase con dispoñibilidade horaria. Este reforzo realizarase en períodos non superiores a 15 minutos, para interferir mínimamente na actividade da aula. Os reforzos organizaranse en horarios semanais diferentes coa intención de darlle a maior continuidade posible aos devanditos reforzos. Os criterios de temporalización das medidas a desenvolver ao tratarse de contidos que se amplían cada ano, reforzaranse no momento oportuno segundo a programación de cada unidade. Naqueles alumnos/as que o requiran, adoptaranse medidas específicas para reforzar os contidos que o profesorado especialista (PT e AL) o titor consideren prioritarios.

6. Medidas de atención á diversidade

As diferencias individuais dos/as alumnos/as, os seus distintos bagaxes biolóxicos, a súas experiencias sociais, e culturais, a súas habilidades e os seus diferentes ritmos de vida e aprendizaxe, fan que non se poida partir dunha panificación baseada nun grupo homoxéneo.

Utilizaremos a observación directa e sistemática no día a día na aula o que nos permitirá descubrir potencialidades e dificultades do alumnado no proceso de aprendizaxe. As titoras tomaremos medidas encamiñadas a favorecer o seu desenvolvemento.

Intentaremos dar resposta as necesidades, temporais ou permanentes, de todo o alumnado.

Atenderemos non só a una determinada dificultade específica que presente o/a alumno/a senón todo o que alumno/a represente: determinadas circunstancias (económicas, sociais e familiares).

No caso de detectar dificultades, analizarase: o posible motivo da súa aparición, a duración do mesmo, o momento no que se produce, os elementos externos que poidan influír na súa aparición (situacións familiares, acontecementos no seu entorno, vivencias persoais), situacións concretas nas que se manifesta, etc.

O principal obxectivo é promover o éxito escolar e incrementar a motivación do alumnado, garantir a súa plena incorporación á vida escolar e social e contribuír á consecución dun clima positivo para o desenvolvemento dos procesos de ensinanza e aprendizaxe na aula e no centro.

O que pretendemos e a participación activa e democrática de todo o alumnado na vida social e escolar do centro, para elo traballaremos os principios e valores como:

- A inclusión como base do desenvolvemento educativo do centro para mellorar a aprendizaxe e a participación de todo o alumnado.

- O valor da diferenza como algo enriquecedor.

- Altas expectativas cara todo o alumnado, as familias e o profesorado.

- Crenza nas capacidades de todos os alumnos e alumnas, partindo das mesmas e non das discapacidades ou dificultades e intentando reducir todas as varreras de aprendizaxe.

- Colaboración entre todos os membros da escola: colaboración e cooperación dos alumnos/as entre si, dos profesores entre si, das familias, ...Todo o profesorado se implica na resposta á diversidade, xa que non é responsabilidade exclusiva do profesorado de apoio, senón de todo o profesorado.

- Organizaremos os recursos persoais e materiais do centro co fin de facilitar unha resposta educativa a todo o alumnado

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Dereitos da infancia		X	
ET.2 - Coeducación	X		
ET.3 - Saúde e benestar			X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Exposicións	Acudiremos a exposicións relacionadas coas unidades didáticas.			
Actividades deportivas	Favoreceremos a realización do deporte no alumnado.			
Contacontos	7.2. Actividades complementarias DescriciónActividade Acudiremos a exposicións relacionadas coas unidades didáticas. Exposicións Favoreceremos a realización do deporte no alumnado.Actividades deportivas Faremos diferentes contacontos relacionados coas unidades. Levaranse a cabo por diferentes estamentos da comunidade educativa e por empresas colaboradoras co centro.			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Metodoloxía empregada
Consecución de competencias
Cumprimento das programacións didácticas
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Utilización de recursos bibliográficos, informáticos, audiovisuais e espaciais
Aproveitamento dos recursos
Cumprimento das normas de organización de centro
Medidas de atención á diversidade
Seguimento do proceso de ensinanza aprendizaxe
Atención á diversidade
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Relación coa comunidade educativa.

Descrición:

- A avaliación de cada profesor realizarase desde varios puntos de vista:
- Autoliquidación do interesado.
 - Por equipos didácticos ou docentes mediante a posta en común dos aspectos xerais da autoavaliación individual.

- Avaliación do Equipo Directivo.
- Avaliarase o procedemento de utilización de recursos bibliográficos, informáticos, audiovisuais e espaciais.
- Farase unha comprobación da existencia dos protocolos que levará a cabo o equipo directivo e reflexarase na memoria final.
- Farase unha avaliación da organización e aproveitamento dos recursos cun seguimento efectivo dos protocolos de uso, sen que se produzan disfuncións.
- Avaliarase a utilización dos recursos por parte de todos de forma que os recursos previstos se utilizaran polo menos unha vez por curso.
- Avaliarase a existencia dunha correcta convivencia entre toda a comunidade educativa axustada ao estándar real do marco escolar, así coma a existencia dun Plan de Convivencia axustado cumprimento en todo momento os trámites sinalados e confirmando a intervención correcta por parte do profesor.
- Terase en conta o cumprimento do PEC, así como, dos programas didácticos.
- Referirase unha avaliación da consecución de competencias, a porcentaxe de alumnos con avaliación positiva, as programacións didácticas revisadas e axustadas ás características individuais de cada alumno/a así como a satisfacción das familias co profesor/a.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Esta Programación Didáctica é un documento aberto, susceptible de melloras e/ou modificacións que se poidan considerar oportunas, para que sexa unha guía eficaz do proceso de ensino-aprendizaxe do noso Centro.

Ao comezo do curso reunirse o Equipo de Ciclo para facer a revisión da Programación Didáctica, deste xeito contribuiremos a ter actualizado o devandito documento e ao mesmo tempo axudaranos a reflexionar a nosa práctica educativa e as diferentes situacións que se nos presentan, tales como: estimular a aprendizaxe, atender á diversidade, organización de do alumnado, axudar ao alumnado no seu desenvolvemento persoal, regular comportamentos persoais e sociais, avaliar, promover o alumnado, distribuír tempos e espazos, os recursos empregados, utilizar medios técnicos etc.

Ademais reuniranse unha vez por trimestre para recoller aquelas modificación que se deberan facer na programación, se se da o caso, do cal quedará constancia por escrito.

As unidades didácticas serán obxecto de revisión e modificación ao longo do curso.

Farase un enfoque dende unha triple perspectiva:

- Avaliación do deseño: adecuación, coherencia, flexibilidade e funcionalidade.
- Avaliación da posta en práctica: reflexión continuada sobre o desenvolvemento do proxecto.
- Avaliación do impacto producido: comprobación de aprendizaxes, viabilidade da programación para o curso.

Ao final do curso farase un seguimento onde se plasme a utilizade real , o seu carácter flexible e a intervención do profesorado do cal se sacarán as propostas de mellora para o curso seguinte, tendo en conta sempre o anteriormente relatado.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006675	CPR San José	Pontevedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Descubrimiento e exploración da contorna	6º Inf.	7	245

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	14
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	16
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	18
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	19
9. Outros apartados	20

1. Introducción

A Educación Infantil ten como finalidade básica contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo, social, e intelectual dos nenos e nenas. Para desenvolver un bo proceso de ensinanza e de aprendizaxe e conseguir no/a neno/a un desenvolvemento e unha evolución óptima é necesario ter en conta unha multitude de aspectos, tanto as súas características persoais como as do entorno. Facilitando deste xeito a súa integración na sociedade na que vive e se desenvolve.

A programación, supón a organización e planificación das aprendizaxes, e convértese no punto de partida para preparar o día a día co alumnado e axúdanos a definir aqueles aspectos que debemos ter en conta antes de comezar cada proceso de ensino-aprendizaxe. Representa o conxunto de decisións didácticas que adopta o mestre ou mestra como folla de ruta a seguir durante o seu labor docente. Nela, aproveitaremos para contextualizar e adaptar as aprendizaxes partindo das necesidades específicas do grupo de alumnos e alumnas e os seus ritmos de aprendizaxe, facilitando desta maneira o bo desenvolvemento das nosas propostas na aula.

Cando organizamos as nosas decisións didácticas, estamos a ordenar as ideas esenciais para construír verdadeiras situacións de aprendizaxe e brindarlles a mellor educación posible aos alumnos e alumnas. A programación permítenos crear un deseño pedagóxico único e persoal que dea resposta ás necesidades educativas de todos os nenos e nenas.

A avaliación completará o proceso de ensino-aprendizaxe. Analizaremos en cada momento os aspectos que inflúen neste e poremos en valor as aprendizaxes. Permitiranos saber se estamos a cumprir os obxectivos propostos e, en caso contrario, realizar unha revisión da nosa práctica e detectar novas necesidades, carencias e/ou cambios necesarios que demanden a nosa aula e os nosos alumnos.

Para dar resposta á necesidade de programar e avaliar, presentamos o seguinte material coa intención de compilar a información básica que axude a ordenar as aprendizaxes, permitindo unha xestión eficaz da aula cunha visión global do proceso educativo previsto durante o curso escolar.

Seguindo a Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria ¿correspóndelle ó profesorado a programación de actividades e tarefas ¿programación de aula- ¿. Partindo do Proxecto curricular do centro e a súa concreción na programación de ciclo.

Para o desenvolvemento desta programación teremos en conta a lexislación vixente pola que se desenvolve o Currículo de ED. Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, Decreto 150/2022, do 8 de setembro de 2022. Non obstante cabe sinalar que esta Programación será o suficientemente flexible e adaptarase á ORDE pola que se aproba o calendario escolar para cada curso nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia e maila Resolución da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se establece a incorporación gradual do alumnado.

Durante o transcurso das primeiras semanas do curso realizaremos as pertinentes valoracións iniciais para detectar calquera tipo de dificultade que nos poida suscitar.

A lingua ca que imos a traballar na aula será o castelán, que é a lingua maioritaria dos nenos/as, e ademais é a nosa obriga facer que os rapaces/as coñezan a lingua da súa comunidade, o galego.

Somos un colexio concertado con Educación Infantil e Educación Primaria que consta dun curso por nivel.

A maioría das familias son castelán falantes. A comunicación cos fillos é en castelán, reducíndose a comunicación en galego a menos dun sete por cento, polo xeral, do noso alumnado. Obsérvase unha redución desta porcentaxe cando a comunicación é fora da familia.

Cara a achegarse a unha normalización da lingua galega, o colexio ten un papel importante de desenvolver, sempre dende o punto de vista de que debe ser un axente compensador de desigualdades para que os nosos alumnos/as podan familiarizarse co galego para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, facendo en todo caso, que as dúas lingua oficiais sexan tidas en conta.

Responden maioritariamente ao modelo tradicional de familia, aínda que cada vez máis obsérvase unha tendencia á ruptura da estrutura familiar e na case totalidade dos casos a patria potestade pasa a ser exclusividade da nai. . Cabería ter en conta a situación desta minoría xa importante que adoitan necesitar actuacións específicas que se derivan da ruptura dese modelo social.

O nivel académico das familias é medio-alto , con estudos primarios e estudos de F.P. e B.U.P., e universitarios. Aínda que nalgúns casos teñen a formación básica.

A situación laboral das familias e maioritariamente activa, e predomina o tipo de familia na que os ambos proxenitores traballan, aínda que nestes tempos de pandemia moitos tiveron problemas neste ámbito.

As familias participan na dinámica do centro, prestan a súa colaboración sempre que sexa necesaria para actividades

complementarias e extraescolares, asisten as reunións e ofrecen suxestións.

As normas de funcionamento, organización e puntualidade son aceptadas e cumpridas con rigorosidade e regularidade.

Tratase de favorecer a comunicación coas familias para lles facer participes e responsables da educación conxunta dos seus fillos/as e sensibilizalos da importancia educativa da etapa que se atopan os seus nenos e nenas.

O noso alumnado como as súas as familias son maioritariamente castelán falantes; nun 95% entre os membros da familia.

Como o noso entorno está inmerso (segundo o mapa lingüístico de Galicia) nunha zona na que predomina o castelán falante, considérase o castelán como a súa lingua materna e nesa lingua son escolarizados na educación infantil.

O CPR San José manifestase aconfesional e respectuoso con tódalas crenzas. Igualmente maniféstase libre de calquera tendencia ideolóxica ou política. Ningún membro da Comunidade Educativa exercerá accións, actividades ou actitudes dirixidas ao adoutramento de calquera tipo de crenza ou ideoloxía agás aquelas lexítimas e legalmente regulamentadas.

En todo caso garantirase o dereito dos pais a que, segundo as súas conviccións, reciban ou non ensinanza relixiosa.

A exploración e comprensión daquilo que configura a realidade das nenas e dos nenos, considerando as súas múltiples relacións e interdependencias, coa finalidade de construír un coñecemento sobre o medio físico, natural e social cada vez máis axustado. O medio é un todo integrado, onde os elementos naturais e culturais se relacionan e se inflúen mutuamente. É importante que durante esta etapa educativa a nena e o neno, ademais de identificar os distintos elementos que conforman o medio, descubran e comprendan progresivamente as relacións entre os distintos obxectos, fenómenos e feitos.

Favoreceremos o proceso de descubrimento, comprensión, observación e exploración dos elementos físicos, naturais e sociais da contorna, concibida como un elemento provocador de emocións e sorpresas, tratando de que, xunto co seu progresivo coñecemento, os nenas e as nenos adopten e desenvolvan actitudes de respecto e valoración sobre a necesidade de coidala e protexela.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Identificar as características de materiais, obxectos e coleccións e establecer relacións entre eles, mediante a exploración, a manipulación sensorial, o manexo de ferramentas sinxelas e o desenvolvendo das destrezas lóxico-matemática para descubrir e crear unha idea cada vez máis complexa do mundo.	1	1	1	1		1		1
OBX2 - Desenvolver, de maneira progresiva, os procedementos do método científico e as destrezas do pensamento computacional, a través de procesos de observación e manipulación de obxectos, para iniciarse na interpretación da contorna e responder de forma creativa ás situacións e aos retos que se presenten.	1		1	1				1
OBX3 - Recoñecer elementos e fenómenos da natureza amosando interese polos hábitos que inciden sobre ela para apreciar a importancia do uso sostible, o coidado e a conservación da contorna na vida das persoas.	1		1	1	1	1	1	1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Identificar as características e funcións dos grupos e organizacións da comunidade, apreciando algúns elementos significativos propios da cultura galega como base para a construción da identidade social desde o coñecemento e a valoración das particularidades do mundo circundante.	1		1		1	1		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Onde vivimos, con quen vivimos?	<p>O entorno no que vivimos inflúe directamente na maneira de como percibimos a sociedade e como interatuamos con ela. O lugar onde viven e con quen viven, forma parte das súas vidas. É alí onde xogan, crecen e se relacionan cos demais. Coñecelo, descubrir a súa historia e as súas persoas, os axudan a sentirse parte del. Permítelles ir tomando conciencia do mundo que lles rodea. A súa xente, as súas casas e rúas, a súa historia.</p> <p>Queremos afondar no coñecemento da cidade e o pobo, debido a que consideramos que os nenos/as manifestan curiosidade cara o mundo que lles rodea e as relacións coa sociedade. Traballaremos o medio urbán para coñecer os seus elementos así coma as diferencias existentes entre cidade e pobo, os diferentes tipos de casas, as profesións que hai, etc. Estamos convencidos de que para lograr o desenvolvemento integral dun neno/a é fundamental que crezan nun ambiente familiar con amor e a protección onde desenvolverse.</p>	80	X		
2	Os mosntruitos	<p>Os animais e as plantas son uns dos elementos da contorna natural máis significativos para os máis cativos e se senten moi atraídos por eles. Queremos que os nenos e nenas desenvolvan interese por outros seres vivos de forma innata: Promoveremos o respecto e o amor pola natureza, por varios motivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Por responsabilidade: Coñecer que as plantas e os animais son seres vivos e que hai que coidalos, respectalos e conservalos e fomentar a responsabilidade. - Por conservación da natureza: debemos educar as novas xeracións para que aprendan a 	80			X

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Os mosntruitos	protexela e conservalas. Trataremos as principais características dos animais, e das plantas. Queremos que coñezan o mundo animal e vexetal a través de actividades significativas e que aprendan a importante que son na vida dos seres humanos.	80			X
3	O mundo dos números	Identificaremos as características de materiais, obxectos e coleccións e establecer relacións entre eles, mediante a exploración, a manipulación sensorial, o manexo de ferramentas sinxelas e o desenvolvendo das destrezas lóxicomatemáticas para descubrir e crear unha idea cada vez máis complexa do mundo identificando e asociando as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información. Todo isto axudará ao noso alumnado a resolver situacións reais que se presentan na súa vida cotiá.	85		X	

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Onde vivimos, con quen vivimos?	80

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese.	Amosar interese polo aprendizaxe e ser quen de establecer alo menos dúas das relación prantexadas.	TI
CA1.2 - Empregar os cuantificadores básicos máis significativos no contexto do xogo e na interacción coas demais persoas.	Seguir as normas dos xogos e ser quen de relacionarse cos seus compañeiros/as.	
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Identificar as grafías e as cantidades polo menos do 1 ao 10.	
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	Identificar e utilizar o cadrado, o triángulo, o rectángulo, o círculo, o rombo, o óvalo e a cruz.	
CA1.5 - Situar adecuadamente nos espazos habituais, tanto en repouso coma en movemento, aplicando os seus coñecementos acerca das nocións espaciais básicas e xogando co propio corpo e con obxectos.	Amosar unha axeitada utilización do seu corpo en parado e en movemento.	
CA1.6 - Describir e representar graficamente a súa situación con relación aos obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico básico.	Saber describir, de maneira inicial, a súa colocación no espacio (diante atrás, preto lonxe, arriba abaixo...)	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.7 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	Utilizar as medidas en catro dos obxectos presentados para medir.	
CA1.8 - Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa propia vida e accións cotiás.	Utilizar axeitadamente: onte , antonte, mañá, pasadomañá, antes, despois, tarde e cedo.	
CA2.2 - Xestionar situacións, dificultades, retos ou problemas planificando secuencias de actividades, mostrando interese e iniciativa e colaborando cos seus iguais.	Colaborar e afrontar problemas presentados sendo a iniciativa propia.	
CA2.3 - Aplicar estratexias para canalizar a frustración ante as dificultades ou os problemas.	Saber controlar as súas emocións de maneira habitual.	
CA2.4 - Expor hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles.	Utilización do ensaio error na manipulación de materiais. Non frustración no uso.	
CA2.5 - Utilizar diferentes estratexias para a toma de decisións con progresiva autonomía afrontando o proceso de creación de solucións orixinais en resposta aos retos que se lle presenten.	Ser quen de responder de maneira autónoma a polo menos tres retos expostos.	
CA2.6 - Programar secuencias de accións ou instrucións para a resolución de tarefas analóxicas e dixitais que favorezan o desenvolvemento de habilidades básicas de pensamento computacional.	Presentar a capacidade para afrontar un problema non estruturado e ser capaz de ver as súas partes, ordealo e solucionalo.	
CA2.7 - Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas.	Ser quen de esperar a quenda, respectas a opinións e producións dos demais e ser quen de facer producións propias.	
CA2.8 - Iniciarse en actividades relacionadas coa metodoloxía STEAM como modelo de aprendizaxe activo.	Utilización da robótica de maneira correcta polo menos en dúas ocasións relacionadas coa unidade.	
CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgúns accións humanas sobre el.	Asomar a súa implicación nos programas de reciclaxe, protección do medio ambiente, protección animal presentados no centro.	
CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico.	Coñecer e respectar as consecuencias da choiva, os vento, o frío e o calor en todas as súas vertentes (sequias, inundacións, queimas,...)	
CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles.	Recoñecer e identificar a importancia da auga. Recoñecer e identificar a importancia das consecuencias do cambio climático.	
CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade.	Coñecer polo menos catro dos elementos arquitectónicos e naturais mais importantes da súa cidade e tres da súa comunidade autónoma.	
CA4.1 - Identificar o núcleo familiar e a escola como os primeiros grupos sociais de pertenza valorando positivamente as relacións afectivas que se establecen e a súa importancia no desenvolvemento persoal.	Identificar e explicar os compoñentes da súa familia. Identificar e explicar os compoñentes da escola.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.2 - Valorar a importancia das relacións sociais coas persoas da súa contorna.	Amosar a súa autonomía nas relacións entree iguais e cos estamentos sociais mais pretos (escola e familia)	
CA4.3 - Recoñecer diferentes modelos familiares mostrando respecto polas diferenzas. Descubrir e identificar os parentescos.	Saber diferenciar os parentescos mais comúns (irmáns, nai, pai, avós, tios/as, curmáns, sobrinos/as). Recoñecer as diferentes familias existentes en proba oral.	
CA4.4 - Descubrir as distintas profesións, organizacións e servizos da contorna valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade.	Ser quen de recoñecer polo menos cinco profesións e a súa importancia dentro da vida cotiá.	
CA4.5 - Coñecer e participar en festas, costumes e tradicións, propias e alleas, presentes na contorna gozando e valorándoas como sinais de identidade.	Participar de maneira activa en festivais e conmemoracións propostas no centro, sendo realmente consciente da importancia de cada unha de elas.	
CA4.6 - Identificar elementos propios do patrimonio cultural de Galicia e algúns dos seus personaxes máis relevantes.	Recoñecer e coñecer a vida de Rosalia de Castro.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración. - Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación. - Diferenciación de formas planas e tridimensionais: corpos xeométricos. - Emprego de cuantificadores básicos contextualizados. - Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e grafa. Situacións nas que se fai necesario medir. - Construción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento. - Identificación das nocións topográficas básicas no plano. - Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario... - Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento. - Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna. - Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información. - Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións. - Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento. - Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións.

Contidos

- Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes.
- Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático.
- Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles.
- Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas.
- Os seres vivos e as súas características.
- A relación dos seres humanos cos animais. Empatía, coidado e protección dos animais. Respecto dos seus dereitos.
- Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico.
- A familia e os distintos modelos familiares. A súa estrutura e os seus membros.
- Relacións de parentesco.
- A escola.
- O barrio e o concello: servizos, características e funcións.
- Valoración de profesións e servizos da comunidade desde unha perspectiva de xénero.
- Actitudes de respecto cara ás manifestacións culturais da súa contorna próxima.
- Festas e tradicións do ciclo anual e da cultura galega.
- Patrimonio e persoas relevantes da cultura galega.

UD	Título da UD	Duración
2	Os mosntruitos	80

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese.	Amosar interese polo aprendizaxe e ser quen de establecer alo menos tres das relación prantexadas.	TI
CA1.2 - Empregar os cuantificadores básicos máis significativos no contexto do xogo e na interacción coas demais persoas.	Seguir as normas dos xogos e ser quen de relacionarse cos seus compañeiros/as.	
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	Identificar e utilizar o cadrado, o triángulo, o rectángulo, o círculo, o rombo, o óvalo na representación de elementos da natureza e dos seres vivos.	
CA1.5 - Situarse adecuadamente nos espazos habituais, tanto en repouso coma en movemento, aplicando os seus coñecementos acerca das nocións espaciais básicas e xogando co propio corpo e con obxectos.	Amosar unha axeitada utilización do seu corpo en parado e en movemento.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.6 - Describir e representar graficamente a súa situación con relación aos obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico básico.	Saber describir, de maneira inicial, a súa colocación no espazo (diante atrás, preto lonxe, arriba abaixo, no medio, cara dereita, cara esquerda...)	
CA1.8 - Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa propia vida e accións cotiás.	Ser quen de expresar de maneira correcta cando aconteceron polo menos catro momentos da súa vida cotiá.	
CA2.2 - Xestionar situacións, dificultades, retos ou problemas planificando secuencias de actividades, mostrando interese e iniciativa e colaborando cos seus iguais.	Colaborar e afrontar problemas referentes a unidade presentados sendo a iniciativa propia.	
CA2.4 - Expor hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles.	Utilización do ensaio error na manipulación de materiais. Non frustración no uso.	
CA2.5 - Utilizar diferentes estratexias para a toma de decisións con progresiva autonomía afrontando o proceso de creación de solucións orixinais en resposta aos retos que se lle presenten.	Ser quen de responder de maneira autónoma a polo menos catro retos expostos.	
CA2.6 - Programar secuencias de accións ou instrucións para a resolución de tarefas analóxicas e dixitais que favorezan o desenvolvemento de habilidades básicas de pensamento computacional.	Presentar a capacidade para afrontar un problema non estruturado e ser capaz de ver as súas partes, ordealo e solucionalo.	
CA2.7 - Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas.	Ser quen de esperar a quenda, respectas a opinións e producións dos demais e ser quen de facer producións propias.	
CA2.8 - Iniciarse en actividades relacionadas coa metodoloxía STEAM como modelo de aprendizaxe activo.	Utilización da robótica de maneira correcta polo menos en dúas ocasións relacionadas coa unidade.	
CA3.1 - Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgunhas accións humanas sobre el.	Ser quen de asociar o seu comportamento ben ou mal cos seus actos coa natureza e todos os seus elementos.	
CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico.	Ser quen de recoñecer polo menos tres fenómenos naturais e as súas consecuencias dentro da vida das persoas e a natureza.	
CA3.3 - Identificar elementos naturais imprescindibles na vida das persoas, as súas características e a necesidade de facer un uso responsable deles.	Recoñecer e identificar a importancia da auga e o aire. Recoñecer e identificar a importancia das consecuencias do cambio climático dentro na natureza.	
CA3.4 - Descubrir e recoñecer os elementos máis identificativos do patrimonio natural, tanto da contorna coma da comunidade.	Coñecer polo menos seis dos elementos naturais máis importantes da súa cidade e tres da súa comunidade autónoma.	
CA3.5 - Identificar trazos comúns e diferentes entre seres vivos e inertes, así como as súas características máis significativas.	Ser quen de recoñecer nunha composición fotográfica polo menos catro seres vivos e catro seres inertes.	
CA3.6 - Valorar a necesidade de coidar e de respectar os seres vivos.	Ser quen de proporcionar catro ideas boas e catro ideas malas para o desenvolvemento da vida dos seres vivos.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA4.4 - Descubrir as distintas profesións, organizacións e servizos da contorna valorando as súas funcións e a importancia social da súa actividade.	Ser quen de recoñecer e describir as funcións na sociedade de cinco profesións.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración. - Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación. - Emprego de cuantificadores básicos contextualizados. - Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e grafía. Situacións nas que se fai necesario medir. - Construción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento. - Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario... - Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento. - Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna. - Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información. - Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións. - Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento. - Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións. - Relacións causa-efecto na manipulación de obxectos. - Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes. - Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos). - Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático. - Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sostibles. - Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais. - Identificación de fenómenos naturais: identificación e repercusión na vida das persoas. - Os seres vivos e as súas características. - A relación dos seres humanos cos animais. Empatía, coidado e protección dos animais. Respecto dos seus dereitos. - Respecto e protección do medio natural. Respecto polo patrimonio cultural presente no medio físico.

Contidos
- O barrio e o concello: servizos, características e funcións.

UD	Título da UD	Duración
3	O mundo dos números	85

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Establecer distintas relacións entre os obxectos a partir das súas calidades ou atributos mostrando curiosidade e interese.	Clasificar utilizando dous atributos positivos e un negativo.	TI
CA1.2 - Empregar os cuantificadores básicos máis significativos no contexto do xogo e na interacción coas demais persoas.	Participar de maneira activa nos xogos, asembleas e conversacións propostas nesta unidade.	
CA1.3 - Identificar e asociar as cantidades cos seus números e grafías nas actividades cotiás empregando o cálculo como fonte de información.	Identificar a grafía e cantidade de polo menos os números ata o 10.	
CA1.4 - Recoñecer na súa contorna cotiá elementos xeométricos básicos.	Recoñecer polo menos cinco das figuras xeométricas presentadas nesta unidade e diferenciarlas de maneira axeita dentro da vida cotiá.	
CA1.5 - Situarse adecuadamente nos espazos habituais, tanto en repouso coma en movemento, aplicando os seus coñecementos acerca das nocións espaciais básicas e xogando co propio corpo e con obxectos.	Ser quen de situarse no espazo seguindo as órdenes máis básicas prantexadas.	
CA1.6 - Describir e representar graficamente a súa situación con relación aos obxectos e ás demais persoas usando vocabulario topolóxico básico.	Utilizar cuantificadores básicos: diante, atrás, abaixo, arriba, dereita, esquerda.	
CA1.8 - Recoñecer e utilizar as nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa propia vida e accións cotiás.	Utilizar cuantificadores básicos: hoxe, mañá, pasadomañá, onte, pola mañá, pola tarde, pola noite.	
CA2.1 - Identificar as situacións cotiás nas que é preciso medir e cuantificar utilizando o corpo ou outros materiais e ferramentas para efectuar as medidas.	Recoñecer a utilidade da medida dentro de tres situacións precisas: unha de aula, unha de contorno e outra de autonomía.	
CA2.2 - Xestionar situacións, dificultades, retos ou problemas planificando secuencias de actividades, mostrando interese e iniciativa e colaborando cos seus iguais.	Amosar interese nas actividades previstas dentro da clase.	
CA2.3 - Aplicar estratexias para canalizar a frustración ante as dificultades ou os problemas.	Ser quen de controlar a súa frustración na maioría dos problemas que se lle presenten na súa vida cotiá.	
CA2.4 - Expor hipóteses acerca do comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles.	Utilización do ensaio error na manipulación de materiais. Non frustración no uso.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA2.5 - Utilizar diferentes estratexias para a toma de decisións con progresiva autonomía afrontando o proceso de creación de solucións orixinais en resposta aos retos que se lle presenten.	Ser quen de dar resposta polo menos a catro problemas presentados.	
CA2.6 - Programar secuencias de accións ou instrucións para a resolución de tarefas analóxicas e dixitais que favorezan o desenvolvemento de habilidades básicas de pensamento computacional.	Presentar a capacidade para afrontar un problema non estruturado e ser capaz de ver as súas partes, ordealo e solucionalo.	
CA2.7 - Participar en proxectos empregando dinámicas e estruturas cooperativas, compartindo e valorando opinións propias e alleas e expresando conclusións persoais a partir delas.	Ser quen de esperar a quenda, respectas a opinións e producións dos demais e ser quen de facer producións propias.	
CA2.8 - Iniciarse en actividades relacionadas coa metodoloxía STEAM como modelo de aprendizaxe activo.	Utilización da robótica de maneira correcta polo menos en dúas ocasións relacionadas coa unidade.	
CA3.2 - Establecer relacións causa-efecto entre o medio natural e social a partir do coñecemento e da observación dalgúns fenómenos naturais e dos elementos patrimoniais presentes no medio físico.	Ser quen de expoñer polo menos dous fenómenos naturais así como dúas cualidades da materia presentada.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Obxectos e materiais. Interese, curiosidade e actitude de respecto durante a súa exploración. - Identificación das calidades ou atributos dos obxectos. Relacións de orde, correspondencia, clasificación e comparación. - Emprego de cuantificadores básicos contextualizados. - Uso funcional dos números na vida cotiá. Cantidade, número e grafa. Situacións nas que se fai necesario medir. - Construción de nocións espaciais básicas en relación co propio corpo, cos obxectos e coas accións, tanto en repouso coma en movemento. - Adquisición do concepto de tempo nas actividades cotiás e a súa organización: antes-despois, día-noite, estacións, ciclos, calendario... - Pautas para a indagación na contorna: interese, respecto, curiosidade, asombro, cuestionamento e desexos de coñecemento. - Estratexias de construción de novos coñecementos: relacións e conexións entre o coñecido e o novo, entre experiencias previas e novas; estrutura e soporte e interaccións de calidade coas persoas adultas, cos iguais e coa contorna. - Modelo de control de variables. Estratexias e técnicas de investigación: ensaio-erro, observación, experimentación, formulación e comprobación de hipóteses, realización de preguntas, manexo e procura en distintas fontes de información. - Estratexias de planificación, organización ou autorregulación de tarefas. Iniciativa na procura de acordos ou consensos na toma de decisións. - Estratexias para propoñer solucións: creatividade, diálogo, imaxinación e descubrimento. - Coavaliación do proceso e dos resultados. Achados, verificación e conclusións. - Habilidades do pensamento computacional. - Resolución de situacións problemáticas empregando diferentes magnitudes.

Contidos

- Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos).

4.1. Concrecións metodolóxicas

O obxectivo que temos é que os/as alumnos/as descubran, investiguen e cheguen a ser competentes e capaces de se desenvolveren na vida. Isto implica que o noso alumnado ten que pensar e ser quen de aprender por eles mesmos, dándolles as ferramentas e estratexias para que sexan eles mesmos os protagonistas das súas aprendizaxes

Utilizaremos:

- Intelixencias múltiples: deixaremos que cada neno/a aprenda ao seu ritmo.
- Educación emocional: ensinaremos aos nenos e nenas a que saiban controlar e xestionar os seus sentimentos e emocións.

- Aprendizaxe baseado na reflexión e na investigación: intentaremos que o alumno/a cheguen a unha solución ante un problema exposto. Pode facelo de maneira individual ou en grupo. Con isto desenvolvemos nos nenos/as o razoamento e a creatividade.

- A aprendizaxe cooperativa: realizaremos actividades de aprendizaxe en conxunto onde os/as alumnos/as poden e deben traballar en equipo, tanto dentro como fora do aula, para poder interactuar entre eles coa meta de conseguir un mesmo obxectivo común. Na aula os/as alumnos/as divídense en pequenos grupos que traballan unha temática que se lles asignou e sobre a que aprenden, mediante a colaboración de todos os/as alumnos/as que integran o equipo. Esta aprendizaxe potencia as capacidades de cada neno/a a través do intercambio de coñecementos. Coa aprendizaxe colaborativa se desenvólvese o sentido da responsabilidade, desenvólvese habilidades de liderado, facilita o traballo en equipo, mellora a autoestima do alumnado e fomenta a competencia.

- A ensinanza por descubrimento: os/as alumnos/as aprenden os coñecementos por si mesmos de maneira progresiva. Debemos de motivar aos alumnos/as a aprender a través dun material adecuado. A aprendizaxe por descubrimento estimula aos/as alumnos/as a pensar, se potencia a solución creativa de problemas, estimula a autoestima e a seguridade, ademais.

- O xogo: O xogo promove a ensinanza das intelixencias múltiples, facilita a xestión e a comunicación das emocións, aumenta a confianza nun mesmo e o respecto cara os demais.

O xogo ten un papel fundamental no desenvolvemento integral do/a neno/a, e un elemento de motivación que fai mais ameno e facilita a aprendizaxe. O alumnado aprende mais rapidamente se o fai de maneira divertida e sen estrés. Nos serve para estimular a súa imaxinación, a súa creatividade, facilita a comprensión de situacións, a resolución de problemas, a elaboración de estratexias, e aprende as normas de convivencia.

A través deste, os nenos interiorizan normas, expresan sentimentos e emocións contribuindo a un desenvolvemento integral, polo que deberemos dotar as nosas actividades de carácter lúdico.

- Aprendizaxe significativo: Estableceremos relacións entre os novos aprendizaxes e os previos que teñen os/as nosos/as alumnos/as, o que favorecerá a xeneralización de aprendizaxes atribuíndo significado a aquilo que le transmitimos.

- Ambiente cálido, estimulante e de respecto: os/as nenos/as interiorizan as aprendizaxes sempre en relación cos outros, a calidade das interaccións tanto con adultos como cos iguais condicionarán en gran medida o seu desenvolvemento sempre que senta que se conta con el/ela que lle ofrecemos a confianza necesaria para expresarse libremente.

- Espazo e o tempo flexible e adaptado: estableceremos rutinas que se adapten as necesidades e obxectivos, outorgaremos tamén aos/as neno/as espazos e tempos onde poidan explorar segundo as súas necesidades e ritmos de aprendizaxe. Os agrupamentos deben favorecer as interaccións de calidade entre os membros de cada grupo e sentirse partícipes del.

- Atenderemos á diversidade da aula: respectando os diferentes estilos cognitivos, motivacións e intereses. Por elo, respectaremos as diferencias persoais de maneira que a aprendizaxe sexa o mais individualizado posible.

- Favoreceremos a motivación.

- Flexibilidade: Posibilitar a flexibilidade e adaptabilidade do proceso de ensino-aprendizaxe ás necesidades da nosa aula.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais didácticos
Material de aula
Recursos de aula

Utilizaremos estes materiais e recursos como instrumentos de mediación entre os contidos, os aprendizaxes e os obxectivos. serán elementos de xogo e de actividades para o desenvolvemento de capacidades e habilidades que permitan o seu desenvolvemento integral en todas as súas tarefas.

Este material será seguro, resistente, de fácil manexo, atractivo, polivalente e pouco estruturado, para maior facilidade do traballo por parte do alumnado.

Os materiais serán orientados cara o intercambio e a comunicación entre o alumnado, cos adultos e co mundo exterior.

Teremos materiais de representación e estimulación cos que o alumnado vai interpretando o mundo que lle rodea sendo importante o xogo simbólico e dramático; e teremos materiais de desenvolvemento da expresión oral, onde o obxectivo primordial será a capacidade de expresión, materiais para secuencias temporais, lectura de imaxes, contos, revistas, láminas, xogos numéricos, dominós, puzzles, bloques lóxicos, xogos de plantilla, material plástico (cores de cera, pintura de dedo, témpera, diferentes tipos de papeis, pinces, plastilina, barro,..) material de construcións, xogos de rosca, mecano, material musical, material informático e audiovisual (ordenador, tablets e pantalla dixital), materiais naturais (arena, auga, horta) , materiais de experimentación (balanzas, prismas, lupas, cordas, imanes, candeas, cintas métricas), materiais non estruturados (corchos, teas, follas,...)

Utilizaremos como recursos principais de traballo os grupos colaborativos (choiva de ideas, toma de decisións, role playing, asambleas, láminas de coleccións, películas, prensa, conversa), o debuxo libre, saídas a contorna e proxectos de traballo. Ademais utilizaremos como medio de expresión propia a dramatizacións, a danza, os títeres e as simulacións.

Desenvolveremos ademais o traballo individual (textos, observación, manualidades, exercicios motores, uso dos rincóns de aula, observacións directas, expresión de sentimentos, itinerarios didácticos e actividades complementarias.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Realizaremos esta avaliación ao comezar o curso e polo tanto o proceso educativo e serviranos para establecer a liña base e o punto de partida do proceso de ensinanza aprendizaxe. Con esta avaliación inicial coñeceremos cales son as capacidades e características que teñen cada un dos nosos alumnos/as nos diferentes ámbitos de seu desenvolvemento.

Realizaremos un ficheiro de datos onde se recollerán datos relevantes sobre o proceso de desenvolvemento das capacidades completadas nos obxectivos do currículo. Incluiremos ademais a información proporcionada polo pai, nai ou titor legal, e se fora o caso, dos informes médicos, psicolóxicos, psicopedagóxicos que aporten estes ao comezo da escolarización do presente curso.

Rexistrárase ademais a observación directa, que realizaremos mediante instrumentos de recollida baseados no proxecto educativo e no currículo vixente. Os puntos principais para esta observación directa serán: os hábitos e autonomía que amose, as relacións con iguais e cos mestres, o desenvolvemento da linguaxe e ante todo o período de adaptación á clase.

Así mesmo solicitarase ao mestre do curso anterior un informe cos datos oportunos do/a alumno/a para cerrar esta avaliación.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Para a elaboración dos criterios de cualificación nos rexeremos pola orde do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

A valoración do proceso de aprendizaxe se expresará en termos cualitativos, recolléndose os progresos efectuados polo alumnado e, no seu caso, as medidas de reforzo e adaptación levadas a cabo.

Valoraranse os contidos e competencias adquiridas nesta unidade por media da observación directa e sistemática do traballo realizado na clase.

Construirase un caderno de clase onde observar a realización axeitada do traballo e a organización, coidado e utilización do material

Por último valoraremos a expresión oral do alumnado, a súa participación precisa en cada unha das actividades, o seu esforzo e a súa capacidade de escoita.

Criterios de recuperación:

Utilizaremos actividades que reforcen os contidos traballados en cada unha das unidades, dedicando mais tempo aos coñecementos que necesitan ser afianzados.

Teranse en conta os resultados da avaliación inicial e a información do profesorado do curso anterior. As medidas de reforzo educativo irán dirixidas, fundamentalmente, ao alumnado que presente dificultades de aprendizaxe nos aspectos básicos e instrumentais do currículo e que non teña desenvolvido convenientemente os niveis básicos de autonomía e de aprendizaxe mínimos do seu curso. Aqueles outros que presenten algunha outra circunstancia que, a xuízo do titor e profesor de AL e PT, xustifique convenientemente a súa inclusión nestas medidas.

O reforzo será impartido polo profesorado do centro no horario lectivo dispoñible para o efecto. Terán prioridade o alumnado con maiores dificultades. O reforzo educativo poderá ser temporal ou para todo o curso académico, seguíndoo trimestralmente. Procurarase que o reforzo educativo coincida na aula co apoio do profesorado especialista (PT e AL). Primarase o apoio lingüístico para aqueles alumnos e alumnas cuxas dificultades causen atraso noutras aprendizaxes básicas. Na medida do posible, os reforzos educativos serán realizados por profesorado do mesmo internivel, ou por profesorado que afecte directamente ao grupo clase con dispoñibilidade horaria. Este reforzo realizarase en períodos non superiores a 15 minutos, para interferir mínimamente na actividade da aula. Os reforzos organizaranse en horarios semanais diferentes coa intención de darlle a maior continuidade posible aos devanditos reforzos. Os criterios de temporalización das medidas a desenvolver ao tratarse de contidos que se amplían cada ano, reforzaranse no momento oportuno segundo a programación de cada unidade. Naqueles alumnos/as que o requiran, adoptaranse medidas específicas para reforzar os contidos que o profesorado especialista (PT e AL) o titor consideren prioritarios.

6. Medidas de atención á diversidade

As diferencias individuais dos/as alumnos/as, os seus distintos bagaxes biolóxicos, a súas experiencias sociais, e culturais, a súas habilidades e os seus diferentes ritmos de vida e aprendizaxe, fan que non se poida partir dunha panificación baseada nun grupo homoxéneo.

Utilizaremos a observación directa e sistemática no día a día na aula o que nos permitirá descubrir potencialidades e dificultades do alumnado no proceso de aprendizaxe. As titoras tomaremos medidas encamiñadas a favorecer o seu desenvolvemento.

Intentaremos dar resposta as necesidades, temporais ou permanentes, de todo o alumnado.

Atenderemos non só a una determinada dificultade específica que presente o/a alumno/a senón todo o que alumno/a represente: determinadas circunstancias (económicas, sociais e familiares).

No caso de detectar dificultades, analizarase: o posible motivo da súa aparición, a duración do mesmo, o momento no que se produce, os elementos externos que poidan influír na súa aparición (situacións familiares, acontecementos no seu entorno, vivencias persoais), situacións concretas nas que se manifesta, etc.

O principal obxectivo é promover o éxito escolar e incrementar a motivación do alumnado, garantir a súa plena incorporación á vida escolar e social e contribuír á consecución dun clima positivo para o desenvolvemento dos procesos de ensinanza e aprendizaxe na aula e no centro.

O que pretendemos é a participación activa e democrática de todo o alumnado na vida social e escolar do centro, para elo traballaremos os principios e valores como:

- A inclusión como base do desenvolvemento educativo do centro para mellorar a aprendizaxe e a participación de todo o alumnado.
- O valor da diferenza como algo enriquecedor.
- Altas expectativas cara todo o alumnado, as familias e o profesorado.
- Crenza nas capacidades de todos os alumnos e alumnas, partindo das mesmas e non das discapacidades ou dificultades e intentando reducir todas as varreras de aprendizaxe.
- Colaboración entre todos os membros da escola: colaboración e cooperación dos alumnos/as entre si, dos profesores entre si, das familias, ... Todo o profesorado se implica na resposta á diversidade, xa que non é responsabilidade exclusiva do profesorado de apoio, senón de todo o profesorado.
- Organizaremos os recursos persoais e materiais do centro co fin de facilitar unha resposta educativa a todo o alumnado

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Educación Vial	X		
ET.2 - Consumo responsable			X
ET.3 - Cambio climático		X	

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Exposicións	Acudiremos a exposicións relacionadas cos animais e as plantas.			
Lugares emblemáticos da nosa contorna	Recorreremos distintos espazos da nosa cidade descubrindo a nosa contorna.			
Sendeirismo	Percorrido por unha senda cercana ao centro descubrindo os distintos elementos naturais existentes.			
Contacontos	Un contaconto por trimestre relacionado con cada unha das unidades.			
As praias	Descubrimento dos elementos esenciais das praias cercanas.			
Obradoiros	Un obradorio por trimestre referente a cada unha das unidades.			
Conmemoracións	Celebración por medio de diferentes actividades relacionadas cos unidades as conmemoracións marcadas no calendario escolar.			
Aprendendo un oficio	Aprender sobre os bombeiros.			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Metodoloxía empregada
Consecución de competencias
Cumprimento das programacións didácticas
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Utilización de recursos bibliográficos, informáticos, audiovisuais e espaciais
Aproveitamento dos recursos
Cumprimento das normas de organización de centro
Medidas de atención á diversidade
Seguimento do proceso de ensinanza aprendizaxe
Atención á diversidade
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Relación coa comunidade educativa.

Descrición:

A avaliación de cada profesor realizarase desde varios puntos de vista:

- ¿ Autoliquidación do interesado.
- ¿ Por equipos didácticos ou docentes mediante a posta en común dos aspectos xerais da autoavaliación individual.
- ¿ Avaliación do Equipo Directivo.

Avaliarase o procedemento de utilización de recursos bibliográficos, informáticos, audiovisuais e espaciais. Farase unha comprobación da existencia dos protocolos que levará a cabo o equipo directivo e reflexarase na memoria final. Farase unha avaliación da organización e aproveitamento dos recursos cun seguimento efectivo dos protocolos de uso, sen que se produzan disfuncións. Avaliarase a utilización dos recursos por parte de todos de forma que os recursos previstos se utilizaran polo menos unha vez por curso.

Avaliarase a existencia dunha correcta convivencia entre toda a comunidade educativa axustada ao estándar real do marco escolar, así coma a existencia dun Plan de Convivencia axustado cumprimento en todo momento os trámites sinalados e confirmando a intervención correcta por parte do profesor.

Terase en conta o cumprimento do PEC, así como, dos programas didácticos.

Referirase unha avaliación da consecución de competencias, a porcentaxe de alumnos con avaliación positiva, as programacións didácticas revisadas e axustadas ás características individuais de cada alumno/a así como a satisfacción das familias co profesor/a.

A autoavaliación do profesorado facilita a reflexión sobre a calidade da súa práctica e se considera fundamental para que a avaliación sexa obxectiva e democrática para intentar lograr a implicación do profesorado e ao mesmo tempo garantir o seu enfoque formativo.

Farase unha vez por trimestre e recollerase nun informe final docente que será remitido ao equipo directivo ao final de curso.

As propostas de mellora:

- Participar en actividades formativas sobre aspectos concretos como consecuencia da autoavaliación realzada.
- Observación de boas prácticas mediante medidas como as visitas ás aulas de compañeiros/as, ver vídeos sobre a actuación do profesorado, etc.
- Implementar boas prácticas na aula coa axuda dos compañeiros, formadores, titores, profesores experimentados, persoal directivo, directores de escola etc
- Colaborar cos compañeiros na preparación da clase e na transmisión da coñecementos sobre o rendemento docente.
- A participación, a formación e a creación de confianza son aspectos cruciais de sistemas eficaces de avaliación do profesorado, xa que xeran confianza e compromiso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Esta Programación Didáctica é un documento aberto, susceptible de melloras e/ou modificacións que se poidan considerar oportunas, para que sexa unha guía eficaz do proceso de ensino-aprendizaxe do noso Centro.

Ao comezo do curso reunirse o Equipo de Ciclo para facer a revisión da Programación Didáctica, deste xeito contribuiremos a ter actualizado o devandito documento e ao mesmo tempo axudaranos a reflexionar a nosa práctica educativa e as diferentes situacións que se nos presentan, tales como: estimular a aprendizaxe, atender á diversidade, organización de do alumnado, axudar ao alumnado no seu desenvolvemento persoal, regular comportamentos persoais e sociais, avaliar, promover o alumnado, distribuír tempos e espazos, os recursos empregados, utilizar medios técnicos etc.

Ademais reuniranse unha vez por trimestre para recoller aquelas modificación que se deberan facer na programación, se se da o caso, do cal quedará constancia por escrito.

As unidades didácticas serán obxecto de revisión e modificación ao longo do curso.

Farase un enfoque dende unha triple perspectiva:

- Avaliación do deseño: adecuación, coherencia, flexibilidade e funcionalidade.
- Avaliación da posta en práctica: reflexión continuada sobre o desenvolvemento do proxecto.
- Avaliación do impacto producido: comprobación de aprendizaxes, viabilidade da programación para o curso.

Ao final do curso farase un seguimento onde se plasme a utilizade real , o seu carácter flexible e a intervención do profesorado do cal se sacarán as propostas de mellora para o curso seguinte, tendo en conta sempre o anteriormente relatado.

9. Outros apartados

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006675	CPR San José	Pontevedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación infantil	Relixión Católica	6º Inf.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	9
4.2. Materiais e recursos didácticos	10
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	10
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	11
6. Medidas de atención á diversidade	12
7.1. Concreción dos elementos transversais	12
7.2. Actividades complementarias	13
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	13
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	14
9. Outros apartados	14

1. Introducción

A Educación Infantil ten como finalidade básica contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo, social, e intelectual dos nenos e nenas. Para desenvolver un bo proceso de ensinanza e de aprendizaxe e conseguir no/a neno/a un desenvolvemento e unha evolución óptima é necesario ter en conta unha multitude de aspectos, tanto as súas características persoais como as do entorno. Facilitando deste xeito a súa integración na sociedade na que vive e se desenvolve.

A programación, supón a organización e planificación das aprendizaxes, e convértese no punto de partida para preparar o día a día co alumnado e axúdanos a definir aqueles aspectos que debemos ter en conta antes de comezar cada proceso de ensino-aprendizaxe. Representa o conxunto de decisións didácticas que adopta o mestre ou mestra como folla de ruta a seguir durante o seu labor docente. Nela, aproveitaremos para contextualizar e adaptar as aprendizaxes partindo das necesidades específicas do grupo de alumnos e alumnas e os seus ritmos de aprendizaxe, facilitando desta maneira o bo desenvolvemento das nosas propostas na aula.

Cando organizamos as nosas decisións didácticas, estamos a ordenar as ideas esenciais para construír verdadeiras situacións de aprendizaxe e brindarlles a mellor educación posible aos alumnos e alumnas. A programación permítenos crear un deseño pedagóxico único e persoal que dea resposta ás necesidades educativas de todos os nenos e nenas.

A avaliación completará o proceso de ensino-aprendizaxe. Analizaremos en cada momento os aspectos que inflúen neste e poremos en valor as aprendizaxes. Permitiranos saber se estamos a cumprir os obxectivos propostos e, en caso contrario, realizar unha revisión da nosa práctica e detectar novas necesidades, carencias e/ou cambios necesarios que demanden a nosa aula e os nosos alumnos.

Para dar resposta á necesidade de programar e avaliar, presentamos o seguinte material coa intención de compilar a información básica que axude a ordenar as aprendizaxes, permitindo unha xestión eficaz da aula cunha visión global do proceso educativo previsto durante o curso escolar.

Seguindo a Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria correspóndelle ó profesorado a programación de actividades e tarefas ,programación de aula, partindo do Proxecto curricular do centro e a súa concreción na programación de ciclo.

Para o desenvolvemento desta programación teremos en conta a lexislación vixente pola que se desenvolve o Currículo de ED. Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, Decreto 150/2022, do 8 de setembro de 2022. Non obstante cabe sinalar que esta Programación será o suficientemente flexible e adaptarse á ORDE pola que se aproba o calendario escolar para cada curso nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia e maila Resolución da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se establece a incorporación gradual do alumnado.

Durante o transcurso das primeiras semanas do curso realizaremos as pertinentes valoracións iniciais para detectar calquera tipo de dificultade que nos poida suscitar.

A lingua ca que imos a traballar na aula será o castelán, que é a lingua maioritaria dos nenos/as, e ademais é a nosa obriga facer que os rapaces/as coñezan a lingua da súa comunidade, o galego.

Somos un colexio concertado con Educación Infantil e Educación Primaria que consta dun curso por nivel.

A maioría das familias son castelán falantes. A comunicación cos fillos é en castelán, reducíndose a comunicación en galego a menos dun sete por cento, polo xeral, do noso alumnado. Obsérvase unha redución desta porcentaxe cando a comunicación é fora da familia.

Cara a achegarse a unha normalización da lingua galega, o colexio ten un papel importante de desenvolver, sempre dende o punto de vista de que debe ser un axente compensador de desigualdades para que os nosos alumnos/as podan familiarizarse co galego para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, facendo en todo caso, que as dúas lingua oficiais sexan tidas en conta.

Responden maioritariamente ao modelo tradicional de familia, aínda que cada vez máis obsérvase unha tendencia á ruptura da estrutura familiar e na case totalidade dos casos a patria potestade pasa a ser exclusividade da nai. . Cabería ter en conta a situación desta minoría xa importante que adoitan necesitar actuacións específicas que se derivan da ruptura dese modelo social.

O nivel académico das familias é medio-alto , con estudos primarios e estudos de F.P. e B.U.P., e universitarios. Aínda que nalgúns casos teñen a formación básica.

A situación laboral das familias e maioritariamente activa, e predomina o tipo de familia na que os ambos proxenitores traballan, aínda que nestes tempos de pandemia moitos tiveron problemas neste ámbito.

As familias participan na dinámica do centro, prestan a súa colaboración sempre que sexa necesaria para actividades complementarias e extraescolares, asisten as reunións e ofrecen suxestións.

As normas de funcionamento, organización e puntualidade son aceptadas e cumpridas con rigorosidade e regularidade.

Trátase de favorecer a comunicación coas familias para lles facer partícipes e responsables da educación conxunta dos seus fillos/as e sensibilizalos da importancia educativa da etapa que se atopan os seus nenos e nenas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir, experimentar e expresar a identidade persoal a través do coñecemento do seu corpo e o desenvolvemento das súas capacidades afectivas e calidades, mediante o achegamento a figuras bíblicas e persoas significativas, para adquirir autonomía nas súas actividades cotiás e hábitos básicos de relación.	1			1	1			
OBX2 - Recoñecer, experimentar e apreciar as relacións persoais e coa contorna, desenvolvendo habilidades sociais e actitudes de respecto, a través de escóitaa e comprensión de narracións bíblicas, para promover valores da vida en comunidade e contribuír así á fraternidade humana.						1	1	
OBX3 - Observar, aceptar e gozar a diversidade persoal e social descubrindo nas súas contornas próximas situacións nas que poida cooperar no coidado da casa común, desde o recoñecemento dos valores da mensaxe e os feitos de Xesús de Nazaret, para xerar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia.				1			1	
OBX4 - Explorar e admirar diferentes contornas naturais, sociais, culturais e artísticas gozando das súas manifestacións máis significativas e descubrindo os seus valores cristiáns, para desenvolver creatividade, sensibilidade estética e sentido de pertenza.								1
OBX5 - Descubrir, manifestar e xerar gusto por cultivar a súa interioridade, explorando pensamentos, emocións, sentimentos e vivencias, admirando diferentes expresións da tradición xudeocristiana e outras tradicións relixiosas, para crecer coa liberdade e seguridade necesarias que posibiliten o desenvolvemento da dimensión espiritual e as bases do propio sistema de valores e crenzas.	1				1			1
OBX6 - Coñecer e apreciar a figura de Xesús de Nazaret e da comunidade eclesial, a través de relatos bíblicos e manifestacións relixiosas da contorna, para recoñecer o específico da tradición cristiá nun contexto social de pluralidade relixiosa.						1		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Somos felices	Nesta unidade, os alumnos e as alumnas descubrirán que as persoas buscamos ser felices	12	X		
2	Respetar a todos	Nesta unidade, os alumnos e as alumnas reflexionarán acerca da liberdade e sobre a importancia de cumprir as normas e respetalas.	12		X	
3	Un mundo de todos	Nesta unidade, os alumnos e as alumnas descubrirán a importancia de comunicarse cos demais e sentirse unidos.	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Somos felices	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Adquirir autonomía no coidado do seu corpo e na realización das súas actividades cotiás, atendendo ás indicacións establecidas en común para a aula.	Recoñecer a identidade personal.	TI
CA1.5 - Adquirir valores de escoita e agradecemento nas súas relacións sociais próximas para relacionarse cos demais de maneira asertiva.	Relacionarse de maneira correcta.	
CA1.11 - Coñecer as manifestacións culturais, relixiosas e artísticas, espertando hábitos de admiración, respecto, diálogo intercultural e sentido de pertenza.	Ser quen de expresar as manifestacións relatadas na clase.	
CA1.13 - Explorar o propio mundo imaxinativo e simbólico e recoñecer as propias emocións, descubrindo en momentos de silencio, quietude e espazos de reflexión guiada que permita descubrir	Cumprir o criterio de avaliación na súa totalidade.	
CA1.16 - Identificar a Xesús de Nazaret como o núcleo esencial do cristianismo a través de escóitaa de narracións bíblicas e a observación de tradicións e obras artísticas.	Ser que de coñecer historias relatadas na clase e algúns dos personaxes desas historias.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - O coidado e o respecto do corpo e da natureza na visión cristiá. - O valor do ser humano, cos seus límites e posibilidades, como fillo de Deus. - Comunicación das propias emocións cando perdoamos e somos perdoados. - Expresión creativa a través de diferentes linguaxes do seu mundo interior, do que experimenta e admira. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comuñón. - Actitudes de autonomía, asertividade, respecto, empatía e coidado das persoas e da natureza, á luz da ética cristiá. - Valoración das relacións sociais, en especial da amizade. - Presentación de diversos relatos bíblicos que reflictan as accións e sentimentos de Xesús de Nazaret cara aos máis necesitados. - Identidade cristiá e contorna social. - A Biblia como comunicación de Deus coas persoas. - Recoñecemento de Xesús de Nazaret como figura clave do cristianismo. - A oración de Xesús.

UD	Título da UD	Duración
2	Respeta a todos	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Adquirir autonomía no coidado do seu corpo e na realización das súas actividades cotiás, atendendo ás indicacións establecidas en común para a aula.	Recoñecer a identidade persoal.	TI
CA1.2 - Recoñecer hábitos básicos de relación tomando como referencia modelos cristiáns e propoñendo actitudes para a vida na familia e na escola.	Recoñecer a importancia das súas accións na súa vida cotiá.	
CA1.5 - Adquirir valores de escoita e agradecemento nas súas relacións sociais próximas para relacionarse cos demais de maneira asertiva.	Escoitar con atención e respecto.	
CA1.6 - Xeneralizar actitudes de respecto e mediación para xerar vínculos significativos de amizade e afecto, escoitando con atención relatos bíblicos nos que se considere a importancia da	Cumprir o criterio de avaliación na súa totalidade.	
CA1.8 - Recoñecer sentimentos e actitudes que fomenten o respecto, a compaixón e o perdón, observándoas en personaxes de narracións bíblicas.	Cumprir o criterio de avaliación na súa totalidade.	

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.9 - Comprender actitudes de cooperación para a consecución de espazos pacíficos de convivencia, escoitando narracións e relatos bíblicos que propoñan modelos de respecto á diversidade	Cumprir o criterio de avaliación na súa totalidade.	
CA1.10 - Expresar en diversas linguaxes os costumes sociais da contorna que reflicten a vivencia de valores cristiáns, mostrando respecto e aprecio.	Ser quen de expresarse de maneira básica nas linguas cooficiais.	
CA1.14 - Identificar e expresar algúns sentimentos e conviccións, coñecendo oracións, cancións e prácticas relixiosas, acolléndoas cunha actitude de asertividade e respecto.	Cumprir o criterio de avaliación na súa totalidade.	
CA1.18 - Recoñecer e respectar os valores, actitudes e características básicas do cristianismo e doutras relixións.	Respectar os valores e actitudes dos demais.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación. - O valor do ser humano, cos seus límites e posibilidades, como fillo de Deus. - A igualdade e dignidade de todos os seres humanos á luz do Evanxeo. - Actitude de respecto #ante a exteriorización de emocións, crenzas, pensamentos, ilusións e medos dos demais. - Calidades e talentos persoais propostos en figuras bíblicas e outras biografías significativas. - Valoración da beleza e a súa capacidade para ser transmisora dun sentido de pertenza e valores. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión. - Actitudes de amabilidade, acollida e gratitude como expresión de respecto aos demais. - Habilidades para a mediación e a resolución de conflitos: escoita activa, diálogo construtivo, asertividade e perdón. - Narracións bíblicas que propoñen o perdón, a misericordia e a solidariedade como características do Reino de Deus. - Identidade cristiá e contorna social. - A riqueza da interculturalidade como oportunidade de desenvolvemento persoal e social.

UD	Título da UD	Duración
3	Un mundo de todos	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA
CA1.1 - Adquirir autonomía no coidado do seu corpo e na realización das súas actividades cotiás, atendendo ás indicacións establecidas en común para a aula.	Recoñecer a identidade persoal.	TI
CA1.3 - Expresar as capacidades afectivas e calidades recoñecendo posibilidades e limitacións, utilizándoos para o seu coidado e o da súa contorna e para afrontar dificultades.	Cumprir o criterio de avaliación na súa totalidade.	
CA1.4 - Desenvolver hábitos de acollida e amabilidade aprendidos a través de contos e narracións bíblicas sobre a vida en comunidade.	Cumprir o criterio de avaliación na súa totalidade.	
CA1.7 - Propiciar espazos inclusivos e pacíficos de convivencia, tomando como exemplo as palabras e accións de Xesús de Nazaret e recoñecendo a súa importancia para a construción dun mundo	Recoñecer a importancia de pertencere a un mundo.	
CA1.12 - Desenvolver a capacidade artística e a sensibilidade estética en harmonía coa súa propia identidade persoal e cultural.	Cumprir o criterio de avaliación na súa totalidade.	
CA1.15 - Describir as crenzas e valores, propias e doutros, comunicándoas con seguridade a través de diversos linguaxes, recoñecendo o silencio e a oración como elementos da experiencia es	Cumprir o criterio de avaliación na súa totalidade.	
CA1.17 - Distinguir as actitudes e valores propios da vida cristiá, escoitando narracións dos Evanxeos e dos Feitos dos Apóstolos e apreciando as accións de servizo na vida en comunidade.	Ser quen de escoitar con atención os relatos utilizados e entender algún dos valores propio da vida cristiá.	

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O valor da persoa á luz da mensaxe cristiá: autonomía e comunicación. - Progresiva autorregulación, responsabilidade, coidado de si mesmo, nos hábitos básicos de relación. - A igualdade e dignidade de todos os seres humanos á luz do Evanxeo. - Comunicación das propias emocións cando perdoamos e somos perdoados. - Relatos bíblicos e biografías doutros personaxes da cultura da contorna que poñen de manifesto o valor da interioridade e a experiencia relixiosa. - Ao encontro e coidado dos outros: crecer en comunión. - Maneiras e modos de comunicar as emocións propias nas relacións interpersoais. - Valoración dun clima de convivencia harmónico, inclusivo e pacífico construído entre todos: o diálogo e a empatía. - Admiración e coidado da natureza como creación de Deus e casa común. - A fraternidade humana: fillos e irmáns dun único Deus. - A vida cristiá en comunidade. - Actitudes de solidariedade e cooperación para unha sociedade participativa e inclusiva.

Contidos

- Identidade cristiá e contorna social.
- Identificación de costumes sociais e manifestacións culturais ou artísticas, como expresión da fe cristiá.
- Recoñecemento de símbolos propios das festas relixiosas.
- As oracións e prácticas cristiás máis comúns na contorna social.
- A familia de Xesús e a relación de Xesús cos seus discípulos.
- A figura da Virxe María.
- A relación da persoa con Deus e as súas expresións comunitarias: a Igrexa.
- Calendario litúrxico e celebracións cristiás.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O obxectivo que temos é que os/as alumnos/as descubran, investiguen e cheguen a ser competentes e capaces de se desenvolveren na vida. Isto implica que o noso alumnado ten que pensar e ser quen de aprender por eles mesmos, dándolles as ferramentas e estratexias para que sexan eles mesmos os protagonistas das súas aprendizaxes

Utilizaremos:

- Intelixencias múltiples: deixaremos que cada neno/a aprenda ao seu ritmo.
- Educación emocional: ensinaremos aos nenos e nenas a que saiban controlar e xestionar os seus sentimentos e emocións.
- Aprendizaxe baseado na reflexión e na investigación: intentaremos que o alumno/a cheguen a unha solución ante un problema exposto. Pode facelo de maneira individual ou en grupo. Con isto desenvolvemos nos nenos/as o razoamento e a creatividade.
- A aprendizaxe cooperativa: realizaremos actividades de aprendizaxe en conxunto onde os/as alumnos/as poden e deben traballar en equipo, tanto dentro como fora do aula, para poder interactuar entre eles coa meta de conseguir un mesmo obxectivo común. Na aula os/as alumnos/as divídense en pequenos grupos que traballan unha temática que se lles asignou e sobre a que aprenden, mediante a colaboración de todos os/as alumnos/as que integran o equipo. Esta aprendizaxe potencia as capacidades de cada neno/a a través do intercambio de coñecementos. Coa aprendizaxe colaborativa se desenvólvese o sentido da responsabilidade, desenvólvese habilidades de liderado, facilita o traballo en equipo, mellora a autoestima do alumnado e fomenta a competencia.
- A ensinanza por descubrimento: os/as alumnos/as aprenden os coñecementos por si mesmos de maneira progresiva. Debemos de motivar aos alumnos/as a aprender a través dun material adecuado. A aprendizaxe por descubrimento estimula aos/as alumnos/as a pensar, se potencia a solución creativa de problemas, estimula a autoestima e a seguridade, ademais.
- O xogo: O xogo promove a ensinanza das intelixencias múltiples, facilita a xestión e a comunicación das emocións, aumenta a confianza nun mesmo e o respecto cara os demais. O xogo ten un papel fundamental no desenvolvemento integral do/a neno/a, e un elemento de motivación que fai mais ameno e facilita a aprendizaxe. O alumnado aprende mais rapidamente se o fai de maneira divertida e sen estrés. Nos serve para estimular a súa imaxinación, a súa creatividade, facilita a comprensión de situacións, a resolución de problemas, a elaboración de estratexias, e aprende as normas de convivencia. A través deste, os nenos interiorizan normas, expresan sentimentos e emocións contribuíndo a un desenvolvemento integral, polo que deberemos dotar as nosas actividades de carácter lúdico.
- Aprendizaxe significativo: Estableceremos relacións entre os novos aprendizaxes e os previos que teñen os/as nosos/as alumnos/as, o que favorecerá a xeneralización de aprendizaxes atribuíndo significado a aquilo que le transmitimos.
- Ambiente cálido, estimulante e de respecto: os/as nenos/as interiorizan as aprendizaxes sempre en relación cos outros, a calidade das interaccións tanto con adultos como cos iguais condicionarán en gran medida o seu desenvolvemento sempre que sinta que se conta con el/ela que lle ofrecemos a confianza necesaria para expresarse libremente.
- Espazo e o tempo flexible e adaptado: estableceremos rutinas que se adapten as necesidades e obxectivos,

outorgaremos tamén aos/as neno/as espazos e tempos onde poidan explorar segundo as súas necesidades e ritmos de aprendizaxe. Os agrupamentos deben favorecer as interaccións de calidade entre os membros de cada grupo e sentirse partícipes del.

- Atenderemos á diversidade da aula: respectando os diferentes estilos cognitivos, motivacións e intereses. Por elo, respectaremos as diferencias persoais de maneira que a aprendizaxe sexa o mais individualizado posible.
- Favoreceremos a motivación.
- Flexibilidade e adaptabilidade do proceso de ensino-aprendizaxe ás necesidades da nosa aula.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais didácticos
Materiais de aula
Recursos de aula

Utilizaremos estes materiais e recursos como instrumentos de mediación entre os contidos, os aprendizaxes e os obxectivos. serán elementos de xogo e de actividades para o desenvolvemento de capacidades e habilidades que permitan o seu desenvolvemento integral en todas as súas tarefas.

Este material será seguro, resistente, de fácil manexo, atractivo, polivalente e pouco estruturado, para maior facilidade do traballo por parte do alumnado.

Os materiais serán orientados cara o intercambio e a comunicación entre o alumnado, cos adultos e co mundo exterior.

Teremos materiais de representación e estimulación cos que o alumnado vai interpretando o mundo que lle rodea sendo importante o xogo simbólico e dramático; e teremos materiais de desenvolvemento da expresión oral, onde o obxectivo primordial será a capacidade de expresión, materiais para secuencias temporais, lectura de imaxes, contos, revistas, láminas, xogos numéricos, dominós, puzzles, bloques lóxicos, xogos de plantilla, material plástico (cores de cera, pintura de dedo, témpera, diferentes tipos de papeis, pinceis, plastilina, barro,..) material de construcións, xogos de rosca, mecano, material musical, material informático e audiovisual (ordenador, tablets e pantalla dixital), materiais naturais (arena, auga, horta) , materiais de experimentación (balanzas, prismas, lupas, cordas, imanes, candeas, cintas métricas), materiais non estruturados (corchos, teas, follas,...)

Utilizaremos como recursos principais de traballo os grupos colaborativos (choiva de ideas, toma de decisións, role playing, asambleas, láminas de coleccións, películas, prensa, conversa), o debuxo libre, saídas a contorna e proxectos de traballo. Ademais utilizaremos como medio de expresión propia a dramatizacións, a danza, os títeres e as simulacións.

Desenvolveremos ademais o traballo individual (textos, observación, manualidades, exercicios motores, uso dos rincóns de aula, observacións directas, expresión de sentimentos, itinerarios didácticos e actividades complementarias.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Realizaremos esta avaliación ao comezar o curso e polo tanto o proceso educativo e serviranos para establecer a liña base e o punto de partida do proceso de ensinanza aprendizaxe. Con esta avaliación inicial coñeceremos cales son as capacidades e características que teñen cada un dos nosos alumnos/as nos diferentes ámbitos de seu desenvolvemento.

Realizaremos un ficheiro de datos onde se recollerán datos relevantes sobre o proceso de desenvolvemento das

capacidades completadas nos obxectivos do currículo. Incluiremos ademais a información proporcionada polo pai, nai ou titor legal, e se fora o caso, dos informes médicos, psicolóxicos, psicopedagóxicos que aporten estes ao comezo da escolarización do presente curso.

Rexistrárase ademais a observación directa, que realizaremos mediante instrumentos de recollida baseados no proxecto educativo e no currículo vixente. Os puntos principais para esta observación directa serán: os hábitos e autonomía que amose, as relacións con iguais e cos mestres, o desenvolvemento da linguaxe e ante todo o período de adaptación á clase.

Así mesmo solicitarase ao mestre do curso anterior un informe cos datos oportunos do/a alumno/a para cerrar esta avaliación.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Criterios de cualificación:

Para a elaboración dos criterios de cualificación nos rexeremos pola orde do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

A valoración do proceso de aprendizaxe se expresará en termos cualitativos, recolléndose os progresos efectuados polo alumnado e, no seu caso, as medidas de reforzo e adaptación levadas a cabo.

Valoraranse os contidos e competencias adquiridas nesta unidade por media da observación directa e sistemática do traballo realizado na clase.

Construirase un caderno de clase onde observar a realización axeitada do traballo e a organización, coidado e utilización do material

Por último valoraremos a expresión oral do alumnado, a súa participación precisa en cada unha das actividades, o seu esforzo e a súa capacidade de escoita.

Criterios de recuperación:

Utilizaremos actividades que reforcen os contidos traballados en cada unha das unidades, dedicando mais tempo aos coñecementos que necesitan ser afianzados.

Teranse en conta os resultados da avaliación inicial e a información do profesorado do curso anterior. As medidas de reforzo educativo irán dirixidas, fundamentalmente, ao alumnado que presente dificultades de aprendizaxe nos aspectos básicos e instrumentais do currículo e que non teña desenvolvido convenientemente os niveis básicos de autonomía e de aprendizaxe mínimos do seu curso. Aqueles outros que presenten algunha outra circunstancia que, a xuízo do titor e profesor de AL e PT, xustifique convenientemente a súa inclusión nestas medidas.

O reforzo será impartido polo profesorado do centro no horario lectivo dispoñible para o efecto. Terán prioridade o alumnado con maiores dificultades. O reforzo educativo poderá ser temporal ou para todo o curso académico, seguíndoo trimestralmente. Procurarase que o reforzo educativo coincida na aula co apoio do profesorado especialista (PT e AL). Primarase o apoio lingüístico para aqueles alumnos e alumnas cuxas dificultades causen atraso noutras aprendizaxes básicas. Na medida do posible, os reforzos educativos serán realizados por profesorado do mesmo internivel, ou por profesorado que afecte directamente ao grupo clase con dispoñibilidade horaria. Este

reforzo realizarase en períodos non superiores a 15 minutos, para interferir mínimamente na actividade da aula. Os reforzos organizaranse en horarios semanais diferentes coa intención de darlle a maior continuidade posible aos devanditos reforzos. Os criterios de temporalización das medidas a desenvolver ao tratarse de contidos que se amplían cada ano, reforzaranse no momento oportuno segundo a programación de cada unidade. Naqueles alumnos/as que o requiran, adoptaranse medidas específicas para reforzar os contidos que o profesorado especialista (PT e AL) o titor consideren prioritarios.

6. Medidas de atención á diversidade

As diferencias individuais dos/as alumnos/as, os seus distintos bagaxes biolóxicos, a súas experiencias sociais, e culturais, a súas habilidades e os seus diferentes ritmos de vida e aprendizaxe, fan que non se poida partir dunha panificación baseada nun grupo homoxéneo.

Utilizaremos a observación directa e sistemática no día a día na aula o que nos permitirá descubrir potencialidades e dificultades do alumnado no proceso de aprendizaxe. As titoras tomaremos medidas encamiñadas a favorecer o seu desenvolvemento.

Intentaremos dar resposta as necesidades, temporais ou permanentes, de todo o alumnado.

Atenderemos non só a una determinada dificultade específica que presente o/a alumno/a senón todo o que alumno/a represente: determinadas circunstancias (económicas, sociais e familiares).

No caso de detectar dificultades, analizarase: o posible motivo da súa aparición, a duración do mesmo, o momento no que se produce, os elementos externos que poidan influír na súa aparición (situacións familiares, acontecementos no seu entorno, vivencias persoais), situacións concretas nas que se manifesta, etc.

O principal obxectivo é promover o éxito escolar e incrementar a motivación do alumnado, garantir a súa plena incorporación á vida escolar e social e contribuír á consecución dun clima positivo para o desenvolvemento dos procesos de ensinanza e aprendizaxe na aula e no centro.

O que pretendemos e a participación activa e democrática de todo o alumnado na vida social e escolar do centro, para elo traballaremos os principios e valores como:

-A inclusión como base do desenvolvemento educativo do centro para mellorar a aprendizaxe e a participación de todo o alumnado.

-O valor da diferenza como algo enriquecedor.

-Altas expectativas cara todo o alumnado, as familias e o profesorado.

-Crenza nas capacidades de todos os alumnos e alumnas, partindo das mesmas e non das discapacidades ou dificultades e intentando reducir todas as varreras de aprendizaxe.

-Colaboración entre todos os membros da escola: colaboración e cooperación dos alumnos/as entre si, dos profesores entre si, das familias, ...Todo o profesorado se implica na resposta á diversidade, xa que non é responsabilidade exclusiva do profesorado de apoio, senón de todo o profesorado.

-Organizaremos os recursos persoais e materiais do centro co fin de facilitar unha resposta educativa a todo o alumnado

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - O mundo visual	X		
ET.2 - Os valores		X	
ET.3 - A nosa cultura: Galicia			X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Cine	Utilización de películas para afianzamento dos contidos. Levarase de maneira virtual dentro do centro.			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Metodoloxía empregada
Consecución de competencias
Cumprimento das programacións didácticas
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Utilización de recursos bibliográficos, informáticos, audiovisuais e espaciais
Aproveitamento dos recursos
Cumprimento das normas de organización de centro
Medidas de atención á diversidade
Seguimento do proceso de ensinanza aprendizaxe
Atención á diversidade
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Relación coa comunidade educativa.

Descrición:

A avaliación de cada profesor realizarase desde varios puntos de vista:

- Autoliquidación do interesado.
- Por equipos didácticos ou docentes mediante a posta en común dos aspectos xerais da autoavaliación individual.
- Avaliación do Equipo Directivo.
- Avaliarase o procedemento de utilización de recursos bibliográficos, informáticos, audiovisuais e espaciais.
- Farase unha comprobación da existencia dos protocolos que levará a cabo o equipo directivo e reflexarase na memoria final.
- Farase unha avaliación da organización e aproveitamento dos recursos cun seguimento efectivo dos protocolos de uso, sen que se produzan disfuncións.
- Avaliarase a utilización dos recursos por parte de todos de forma que os recursos previstos se utilizaran polo menos unha vez por curso.
- Avaliarase a existencia dunha correcta convivencia entre toda a comunidade educativa axustada ao estándar real do marco escolar, así coma a existencia dun Plan de Convivencia axustado cumprimento en todo momento os trámites sinalados e confirmando a intervención correcta por parte do profesor.

- Terase en conta o cumprimento do PEC, así como, dos programas didácticos.
- Referirse unha avaliación da consecución de competencias, a porcentaxe de alumnos con avaliación positiva, as programacións didácticas revisadas e axustadas ás características individuais de cada alumno/a así como a satisfacción das familias co profesor/a.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Esta Programación Didáctica é un documento aberto, susceptible de melloras e/ou modificacións que se poidan considerar oportunas, para que sexa unha guía eficaz do proceso de ensino-aprendizaxe do noso Centro.

Ao comezo do curso reunírase o Equipo de Ciclo para facer a revisión da Programación Didáctica, deste xeito contribuiremos a ter actualizado o devandito documento e ao mesmo tempo axudaranos a reflexionar a nosa práctica educativa e as diferentes situacións que se nos presentan, tales como: estimular a aprendizaxe, atender á diversidade, organización de do alumnado, axudar ao alumnado no seu desenvolvemento persoal, regular comportamentos persoais e sociais, avaliar, promover o alumnado, distribuír tempos e espazos, os recursos empregados, utilizar medios técnicos etc.

Ademais reuníranse unha vez por trimestre para recoller aquelas modificación que se deberan facer na programación, se se da o caso, do cal quedará constancia por escrito.

As unidades didácticas serán obxecto de revisión e modificación ao longo do curso.

Farase un enfoque dende unha triple perspectiva:

- Avaliación do deseño: adecuación, coherencia, flexibilidade e funcionalidade.
- Avaliación da posta en práctica: reflexión continuada sobre o desenvolvemento do proxecto.
- Avaliación do impacto producido: comprobación de aprendizaxes, viabilidade da programación para o curso.

Ao final do curso farase un seguimento onde se plasme a utilizade real , o seu carácter flexible e a intervención do profesorado do cal se sacarán as propostas de mellora para o curso seguinte, tendo en conta sempre o anteriormente relatado.

9. Outros apartados